

Orzamentos

2025

Vicerreitoría de Economía
e Planificación Estratéxica



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Estrutura do Orzamento de 2025

O orzamento para o exercicio 2025 da Universidade da Coruña desenvolve a Programación Plurianual e Orzamentaria aprobada polo Claustro o 3 de decembro de 2024, e acompáñase do Plano Operativo Anual que o vincula co Plan Estratéxico 2022-2026. A presente memoria contén os seguintes apartados:

- Liñas xerais do orzamento
 - Contexto financeiro do orzamento 2025
 - Cadro resumo do orzamentos
 - Análise dos ingresos
 - Análise dos gastos
 - Valoración global
- Cadro de contas: Detalle do orzamento por capítulos de ingreso e de gasto.

Se anexa a seguinte documentación:

- Normas de execución orzamentaria
- Anexo I: Previsión de persoal técnico de xestión administración e servizos (PTXAS)
- Anexo II: Previsión de persoal docente e investigador (PDI)
- Anexo III: Investimentos fondos centralizados
- Anexo IV: Investimentos fondos descentralizados
- Anexo V: Sociedades dependentes
- Anexo VI: Impacto de xénero
- Anexo VII: Impacto medioambiental
- Anexo VIII: Prezos das actividades



Memoria

Liñas xerais do orzamento

CONTEXTO FINANCEIRO DO ORZAMENTO 2025

O orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio 2025 desenvolve a Programación Plurianual e Orzamentaria aprobada polo Claustro o 3 de decembro de 2024, que á súa vez está condicionada pola liquidación do orzamento 2023. Estes documentos están dispoñibles na web da UDC dentro do apartado da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica:

https://www.udc.es/es/goberno/equipo_reitoral/vepes/planificacion_economica/documentos/orzamentos/

A diagnose realizada amosa que ao remate do ano 2023 a UDC tiña un remanente de tesouraría non afectado negativo de 13,1 millóns de euros, o cal obriga a un severo axuste de alcance plurianual. O desequilibrio impediu aprobar un novo orzamento equilibrado e realista en 2024, polo que no presente exercicio o remanente negativo está a medrar, aínda que as medidas adoptadas serviron para moderar o seu crecemento. Porén, o remanente de tesouraría total positivo, de 15,4 millóns de euros, sustenta a solvencia da institución a curto e medio prazo.

A análise dos ingresos e gastos non afectados amosa un importante desequilibrio estrutural, cuns ingresos ordinarios que non alcanzan a cubrir os gastos ordinarios da institución, mesmo nun escenario de axustes. En consecuencia, a elaboración de orzamentos equilibrados neste exercicio e no seguinte debe descansar nunha combinación de instrumentos extraordinarios adicionais á contención do gasto: orientar os recursos extraordinarios, principalmente convenios coa administración autonómica, á redución do déficit, e obter recursos extraordinarios da venda de activos, nomeadamente, bens inmoables.

Alén do próximo bienio, a tendencia decrecente do desequilibrio estrutural, por mor da contención esperada do gasto de persoal, consecuencia da renovación xeracional do persoal, e a vixencia dun novo plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia (SUG) prevista para 2027, permiten aspirar a alcanzar o reequilibrio no bienio 2027-2028.



CADRO RESUMO DO ORZAMENTO

O orzamento da Universidade da Coruña para 2025 é de 172.170.370 €. A continuación faise unha comparación deste presuposto co do ano 2023, que constitúe un referente máis acaído que a prórroga do ano 2024, tanto por ese carácter prorrogado como polo maior grao de agregación das súas partidas:

INGRESOS	2023	Peso	2025	Peso
Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	17.969.400,00	10,7%	15.977.407,35	9,3%
Capítulo IV: Transferencias correntes	104.361.770,21	62,0%	109.220.589,38	63,4%
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	330.000,00	0,2%	355.000,00	0,2%
Capítulo VI: Alleamento de investimentos reais	0,00	0,0%	5.000.000,00	2,9%
Capítulo VII: Transferencias de capital	45.283.591,23	26,9%	41.437.372,98	24,1%
Capítulo VIII: Activos financeiros	498.047,73	0,3%	180.000,00	0,1%
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	168.442.809,17	100%	172.170.369,71	100%
GASTOS	2023	Peso	2025	Peso
Capítulo I: Gastos de persoal	110.610.215,03	65,7%	117.743.113,95	68,4%
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	19.943.472,26	11,8%	19.196.561,41	11,1%
Capítulo III: Gastos financeiros	35.000,00	0,0%	120.000,00	0,1%
Capítulo IV: Transferencias correntes	5.136.943,05	3,0%	5.402.355,28	3,1%
Capítulo V: Fondo de continxencia	580.000,00	0,3%	580.000,00	0,3%
Capítulo VI: Investimentos reais	31.914.293,83	18,9%	29.097.151,07	16,9%
Capítulo IX: Variación de pasivos financeiros	222.885,00	0,1%	31.188,00	0,0%
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	168.442.809,17	100%	172.170.369,71	100%

O incremento aparente, do 2,2% en dous anos, non reflicte a variación real experimentada polos recursos, pois a liquidación do exercicio 2023 constatou unha diverxencia notable entre as expectativas iniciais dese ano e a súa execución, no referente a taxas, aos ingresos do plano de financiamento e aos convenios extraordinarios. Á vista disto, no exercicio 2025, aínda que o contexto impide levar ao extremo o principio de prudencia, faise un esforzo por axustar as previsións aos datos dispoñibles relativos a dereitos liquidados e obrigas recoñecidas.



ANÁLISE DOS INGRESOS

INGRESOS DO PLAN DE FINANCIAMENTO DO SUG

A principal fonte de financiamento da UDC, como universidade pública, son as transferencias da administración responsable. Neste caso, os ingresos previstos procedentes do Plan de Financiamento do SUG representan no orzamento de 2025 o 70,9% dos ingresos totais orzados. A seguinte táboa recolle os distintos subconceptos nos que se divide, pertencentes aos capítulos 4 e 7 de ingreso, así como a súa evolución nos últimos anos

ECONÓMICA XUMCO	DENOMINACIÓN	2023	2024	2025
1410.11.01	PGFU. FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL. CUSTO ESTÁNDAR	75.212.364	77.584.659	80.775.143
1410.11.05	PGFU. SUBFONDO PANEL DE INDICADORES DE RESULTADOS. CAP. IV	6.891.018	7.222.194	7.265.146
1410.11.03	COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULA	7.539.815	7.778.673	8.347.243
1410.11.04	PGFU. SUBVENCIÓN CONSELLO SOCIAL	200.000	200.000	200.000
1410.11.01	PGFU. SECRETARIA XERAL DEPORTES TRANSF.F. CC. D. E. F.	3.223.411	3.349.623	3.408.525
1410.11.01	PGFU. SERGAS: PRAZAS VINCULADAS	1.024.268	1.049.446	1.029.264
1410.11.02	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. GASTO CORRENTE	5.554.416	5.864.435	5.861.669
1710.01.01	PGFU. FINANC. NON CONDICIONADO. GASTO MANTENIMENTO INFRAESTRUTURA	2.195.610	2.318.157	2.317.064
1710.01.02	PGFU.SUBFONDO PANEL DE INDICADORES DE RESULTADOS. CAP. VII	7.189.049	7.534.548	7.579.359
1710.01.03	PGFU. PLAN DE ESTABILIDADE FINANCEIRA, EFICIENCIA E MELLORA ENERXÉTICA	4.961.250	5.099.710	5.259.232
	TOTAL PLAN DE FINANCIAMENTO	113.991.201	118.001.445	122.042.644
	VARIACIÓN INTERANUAL		4.010.244	4.041.199

Os importes anteriores son os iniciais para cada ano, que se incrementan posteriormente como consecuencia da repercusión sobre as partidas das subas salariais aprobada polo Estado ao longo do ano. En 2025 xa está anunciado un incremento dun 0,5% en xaneiro, aplicable retroactivamente a todo o ano 2024, por mor da inflación acumulada entre 2022 e 2024; e cabe esperar que da negociación colectiva se deriven actualizacións adicionais.

O financiamento procedente do plan ven sendo de 4 millóns de euros anuais, aínda que, como se constata na programación plurianual, o crecemento vexetativo dos salarios (actualización salarial



máis complementos concedidos por méritos), sen crecemento do número de efectivos, absorbe esa suba.

OUTROS INGRESOS ORDINARIOS

Ademais de nos capítulos 4 e 7 do Plan de Financiamento, os ingresos non finalistas ordinarios (os extraordinarios se analizarán posteriormente) recóllense nos capítulos 3 e 5.

As previsións de ingreso no capítulo 3 (Taxas, prezos públicos e outros ingresos) son de 15,98 millóns de euros, e inclúen a achega por matrículas, os custos indirectos e a facturación pola realización de actividades e cesión de espazos. A cantidade está en liña dos dereitos efectivamente recoñecidos na liquidación do ano 2023, substancialmente por baixo das previsións iniciais no orzamento dese ano.

No concepto de matrículas, que representa o 75% do capítulo 3, o comportamento recente da demanda, a pesares do contexto demográfico desfavorable, permite aspirar a manter os ingresos liquidados en 2023 (11,99 millóns de euros).

Os distintos subconceptos de custos indirectos suman 2,59 millóns de euros, unha estimación razoable á vista dos 2,47 millóns recadados en 2023. Tamén é prudente a previsión de ingresos de 0,81 millóns dos Servizos Centrais de Investigación, que en 2024 levan facturados externamente uns 0,56 millóns, aos que deben engadirse a facturación interna, e para os que se está a traballar nunha actualización de tarifas.

A facturación por locais e actividades segrégase en dous subconceptos que suman 0,47 millóns de euros, un 13,5% máis do recadado dous anos antes, crecemento ao que tamén contribuirá a revisión das tarifas que se levará a cabo proximamente.

Incorpóranse ao orzamento os ingresos por venda de enerxía eléctrica debido á posta en funcionamento en 2024 dos paneis fotovoltaicos instalados en 11 edificios, subvencionados polo INEGA, malia que o principal beneficio obterase vía redución dos gastos.

O capítulo 5, Ingresos patrimoniais, recolle fundamentalmente os xuros recibidos e os canons por concesión administrativas, que totalizan 0,36 millóns de euros.

INGRESOS EXTRAORDINARIOS:

Segundo se avanzaba na programación plurianual, o equilibrio orzamentario en 2025 esixe recorrer de xeito puntual a ingresos extraordinarios. Estes ingresos compútanse no capítulo 6, Alleamento de investimentos reais, e no capítulo 8, Activos financeiros.

No capítulo 6 recóllese a venda do edificio da antiga Escola Universitaria Politécnica de Serantes, que se somete á aprobación do Consello de Goberno e do Consello Social nas mesmas sesións nas que se lles presenta este orzamento. O procedemento proposto é o de poxa competitiva á alza, partindo do valor de taxación, de 7.681.899,59 €. En aplicación do principio de prudencia valorativa, no orzamento



recóllese un importe de 5 millóns de euros, que se corresponde co resultante da posible aplicación de dúas rebaixas sucesivas do 20% sobre o prezo de saída.

Os 180.000 € contabilizados no capítulo 8 recollen o ingreso previsto derivado da venda de participacións sociais.

INGRESOS FINALISTAS

No capítulo 4 de ingreso (Transferencias correntes) contabilízanse ingresos finalistas, que financian gasto corrente afectado. Ten un importe de 109,20 millóns de euros, dos que o 97,9% (106,89 millóns) corresponde a partidas do plan de financiamento, en xeral non finalistas, o que deixa 2,33 millóns de euros como transferencias destinadas ao financiamento de gasto corrente pola realización de actividades. Destes, 0,95 millóns son fondos do programa ERASMUS, 0,55 millóns son achegas do Santander para diversas bolsas e axudas, e 0,30 millóns son achegas da Xunta de Galicia para estancias predoutorais e posdoutorais.

As Transferencias de capital do capítulo 7 financian gastos de capital, que comprenden os de investigación e os investimentos. O total do capítulo é de 41,44 millóns de euros, dos que 15,16 millóns forman parte do plan de financiamento, o que deixa 26,29 millóns como transferencias finalistas para proxectos e convenios. Entre elas cómpre destacar os 1,84 millóns de euros para o Campus Industrial de Ferrol, 1,24 millóns para os centros de investigación de excelencia e os 0,64 millóns da anualidade do proxecto de internacionalización EMERGE. Tamén se inclúe o financiamento do programa María Goyri para a contratación de profesorado axudante doutor.

Dentro dos convenios formalmente finalistas merecen atención aqueles nos que é posible xustificar gasto realizado con fondos propios, pois dese xeito contribúen ao financiamento xeral da universidade. Teñen este carácter o convenio autonómico de Infraestruturas Universitarias, dotado con outra anualidade igual á de 2024, de 2,81 millóns de euros, e os de Fomento de I+D+i, cuns ingresos previstos duns 2 millóns de euros (o que supón unha redución de máis dun millón respecto a 2024). Entre os dous estímase que poderán contribuír ás contas xerais en 1,5 millóns de euros.

ANÁLISE DOS GASTOS

No presente contexto de severa restrición financeira, o orzamento para 2025 tomou como referencia xeral os importes das partidas dispoñibles en 2024 tras a retención do 30% anunciada no Claustro no mes de abril para as partidas de libre disposición (non comprometidas por contrato).

No caso dos créditos das facultades e escolas, tras un proceso participativo acordouse adiar a revisión dos criterios de reparto, polo que se mantivo a asignación do ano anterior. A distribución dos créditos entre partidas foi decidida pola dirección de cada centro segundo as súas necesidades.



CAPÍTULO 1: PERSOAL

O gasto orzado para o persoal de capítulo 1 é de 117,74 millóns de euros. Esta cantidade correspóndese coa masa salarial autorizada pola Xunta de Galicia, 116.478.460 € máis o custo estimado de 30 prazas de profesorado axudante doutor que serían financiadas polo programa María Goyri, 1.264.654 €. A masa salarial autorizada non inclúe nin ese programa nin as subas salariais que se autoricen pola administración central, cuxo importe sumaríase, por tanto, á autorización inicial.

Cómpre salientar, como se fixo na programación plurianual, que a masa salarial autorizada é moi restritiva: supón un incremento dun 1,2% sobre o ano 2024. Esta porcentaxe é a metade do 2,4% que subiu o gasto (adicional á suba salarial) en 2023 como consecuencia da acumulación da antigüidade e de méritos, mantendo o número de efectivos. É por iso que para manter o crecemento da masa salarial dentro do reducido límite concedido deben cumprirse as previsións de renovación xeracional, que se estima terían un efecto económico neto de 1 millón de euros en 2025, tendo en conta a reposición, as estabilizacións e as promocións.

CAPÍTULO 2: GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

O esforzo de contención sostido no gasto corrente en bens e servizos tradúcese nun importe orzado de 19,16 millóns de euros, inferior ao presupostado en 2023. Isto supón un modesto aumento do 4,1% respecto dos 18,41 millóns liquidados hai dous anos, cando o incremento do IPC entre xaneiro de 2023 e novembro do 2024 foi do 5,8%.

Mantense unha política restritiva na renovación e licitación de servizos, co principio de non incrementar o gasto, aínda que poda supoñer axustes no nivel de servizo. Isto permite manter dúas das maiores partidas, a de Limpeza e aseo (227.00, 2,78 millóns) e a de Seguridade e vixilancia (227.01, 1,80 millóns) en niveis semellantes aos de 2023.

A outra partida máis cuantiosa é a de Enerxía eléctrica (221.00), dotada con 2,60 millóns. Este importe ten que ser consignado polo compromiso co consorcio no que participamos para a compra de enerxía, pero cabe esperar que a posta en funcionamento dos paneis fotovoltaicos reduza o gasto efectivo. O gasto enerxético complétase con 1,26 millóns de gasto en Combustibles (221.03).

Os gastos relacionados coa informática tamén teñen un peso moi elevado no capítulo: só entre Canons (209) e Mantementos informáticos (227.08), suman 2,21 millóns de euros. Órzase unha pequena cantidade (25.000 €) para iniciar a implantación da sede electrónica no ano 2025.

Os mantementos de instalacións e equipamentos (227.07) suman 1,30 millóns.

O artigo 21 de reparacións e conservación recórtase substancialmente, sobre todo na partida centralizada, dos 1,07 millóns de euros orzados en 2023 aos 0,58 millóns en 2025. Lonxe de



representar unha falla de atención ao mantemento das instalacións, responde ao gran incremento de recursos dedicados á rehabilitación no capítulo 6, que permitirán realizar intervencións de maior magnitude.

Cómpre sinalar que a histórica correspondencia entre os gastos do capítulo 2 e os ingresos do capítulo 3, que se viña observando no longo prazo e que se rachou no ano 2023, segue a manter o seu desequilibrio no orzamento de 2025, pois o primeiro excede ao segundo en 3,19 millóns de euros.

CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES

As transferencias correntes, que se destinan principalmente a consorcios e a bolsas, suman 5,40 millóns de euros. O incremento fronte aos 4,83 millóns de obrigas recoñecidas no 2023 explícase polo investimento previsto no programa informático de xestión académica, Sigma, de 0,54 millóns de euros.

As transferencias a consorcios e outros entes públicos (artigo 44) totalizan 1,92 millóns, incluíndo o destinado a Sigma. A maior partida, de 0,8 millóns, corresponde á achega da UDC para o acceso a revistas científicas e outros recursos electrónicos.

O artigo 48, que recolle as Transferencias a familias e institucións sen fins de lucro, con 3,22 millóns de euros sitúase entre o orzado en 2023 (3,39 millóns) e o efectivamente executado (3,00 millóns). Desda cantidade, 2 millóns de euros teñen financiamento afectado, destacando as partidas de Erasmus (0,95 millóns). Os 0,73 millóns de euros en programas propios de bolsas a estudantes e a revisión da estrutura de bolsas do convenio co Santander, que totalizan 0,55 millóns, permite, en momentos de extraordinarias dificultades económicas, manter o nivel de apoio ao estudantado.

CAPÍTULO 6: INVESTIMENTOS REAIS

O capítulo 6 recolle os investimentos en infraestruturas e equipamentos, nos artigos 62 e 63 do orzamento, e os gastos de investigación, no artigo 64 do presuposto. O total do capítulo é de 29,10 millóns de euros, inferior aos 31,91 do orzamento do 2023. A caída dáse no artigo 64 de gasto, no que o importe orzado en 2025 (24,83 millóns) é inferior previsto para 2023 (27,56 millóns), aínda que non ao finalmente executado (24,54 millóns).

Pese ao contexto fortemente restritivo, os investimentos en infraestruturas e equipamentos alcanzan os 4,26 millóns de euros, un nivel semellante ao orzado en 2023 (4,35 millóns), en virtude do financiamento obtido do Convenio de Infraestruturas Universitarias. As necesidades de rehabilitación das instalacións fan que o investimento se concentre neste ámbito (dótase o artigo 63 con 3,04 millóns), adiando a posible construción de novas infraestruturas e reducindo ao mínimo imprescindible a adquisición de equipamentos.



Os gastos de investigación na súa maior parte teñen financiamento afectado, pero moitos deles esixen un cofinanciamento significativo. Así, o cofinanciamento necesario para o artigo 64 é de 0,91 millóns, e sen os convenios de I+D+i previstos, que se espera contribúan en 0,7 millóns a ese cofinanciamento, o custo en fondos propios dos proxectos e convenios de investigación sería de 1,61 millóns. Dentro dos programas propios de investigación cómpre salientar o esforzo que supón manter o financiamento a grupos de investigación nos niveis de 2024, con 0,56 millóns, pois en 2025 debe atenderse o gasto extraordinario de liquidar a débeda acumulada co persoal investigador dos programas Margarita Salas e María Zambrano polo desconto da seguridade social e as actualizacións pendentes dos contratados de persoal de capítulo 6, o que finalmente se cuantifica en 0,95 millóns.

OUTROS GASTOS

Os tres capítulos restantes representan, conxuntamente, o 0,4% do total do orzamento.

O capítulo 3, Gastos financeiros, incrementase ata os 0,12 millóns, en previsión de que se incremente a disposición da póliza de crédito para aliviar tensións de tesouraría.

O Fondo de continxencia (capítulo 5) mantense en 0,58 millóns, destinados a atender necesidades que carezan dunha axeitada dotación orzamentaria sempre que sexan imprevisibles, inaprazables e de carácter non discrecional.

Por último, o capítulo 9 recolle a devolución de anticipos reembolsables, que se reduce de 0,22 a 0,03 millóns, cos que o pasivo financeiro queda liquidado.

VALORACIÓN GLOBAL

O orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio 2025 desenvolve a Programación Plurianual e Orzamentaria aprobada polo Claustro o 3 de decembro de 2024, que á súa vez está condicionada pola liquidación do orzamento 2023. Nesa programación plurianual séntanse as bases que permiten presentar en 2025 un orzamento equilibrado, co cal se avanza na senda de axuste na procura do reequilibrio estrutural, necesario para garantir a sustentabilidade financeira.

O orzamento global da UDC para 2025 é de 172.170.369,71 €, o que representa un modesto incremento dun 2,2% fronte a o último orzamento ordinario aprobado, o de 2023. No bienio o orzamento medra só en 3,7 millóns de euros, por baixo do incremento dos recursos do plan de financiamento, que suben 8 millóns no mesmo período, pois axústanse as expectativas de ingresos aos últimos datos dispoñibles, revisando á baixa os ingresos esperados de convenios extraordinarios e estabilizando o resto dos ingresos non finalistas (matrículas e outros).

A evolución que se observa nos gastos de persoal responde ao crecemento vexetativo das retribucións derivado das actualizacións salariais, pois non se prevé a modificación do número de



efectivos. A masa salarial autorizada pola Xunta de Galicia para 2025 resulta insuficiente para cubrir ese crecemento vexetativo, polo que para acadar o establecido deberán cumprirse as expectativas de forte renovación xeracional. Aínda manténdoo dentro deses límites, a evolución do capítulo de persoal absorbería a maior parte do crecemento dos recursos procedentes do plan de financiamento.

A histórica correspondencia entre os gastos correntes en bens e servizos e os ingresos do capítulo de matrículas e outros, que se viña observando no longo prazo e que se rachou no ano 2023, segue a manter o seu desequilibrio no orzamento de 2025, pois o primeiro excede ao segundo nuns 3 millóns de euros. E iso, a pesares do forte esforzo de contención no gasto corrente, que estaría por baixo do orzado en 2023.

No orzamento faise un esforzo por manter o apoio económico ao estudantado. Os 2 millóns de euros de axudas con financiamento alleo complementáanse con 0,73 millóns de euros en programas propios de bolsas a estudantes.

En materia de infraestruturas e equipamentos, as necesidades de rehabilitación das instalacións fan que o investimento se concentre neste ámbito, orzándose 4,26 millóns de euros, en virtude do financiamento obtido do Convenio de Infraestruturas Universitarias da Xunta de Galicia.

Os gastos de investigación na súa maior parte teñen financiamento afectado. Aínda así, esixen un cofinanciamento de en torno a un millón de euros, aos que debe sumarse unha cantidade semellante para atender obrigas salariais pendentes co persoal investigador.

En definitiva, neste contexto só é posible presentar un orzamento equilibrado para 2025 complementando a prudencia na valoración de ingresos e a contención no gasto con instrumentos extraordinarios. Por unha banda, os recursos procedentes de convenios extraordinarios orientaranse no posible cara á atención de gastos orzados, o que pode achegar unha contribución ao equilibrio en torno a 1,5 millóns de euros. Por outra, recóllese a venda do edificio da antiga Escola Universitaria Politécnica de Serantes, nun procedemento de poxa competitiva, por un importe de 5 millóns de euros. Este tipo de actuacións só poden ter un carácter puntual, pois a sustentabilidade financeira debe descansar, a longo prazo, no equilibrio estrutural entre ingresos e gastos ordinarios. Estase a avanzar na senda deste reequilibrio, que esperamos alcanzar no bienio 2027-2028, no que debe entrar en vigor un novo plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia.



CADRO DE CONTAS: DETALLE DO ORZAMENTO POR CAPÍTULOS DE INGRESO E DE GASTO

ORZAMENTO DE INGRESOS

Subcto.	Denominación	Importe
	CAPÍTULO III: TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	
	ARTIGO 31. PREZOS PÚBLICOS	11.986.106,02 €
1310.00	DEREITOS DE MATRÍCULA	11.986.106,02 €
	ARTIGO 32. OUTROS INGRESOS PROCEDENTES DE PRESTACIÓNS DE SERVIZOS	3.871.301,33 €
1329.00	ACTIVIDADE CULTURAIS, DEPORTIVAS E CAMPAMENTOS	270.000,00 €
1329.01	LOCAIS E ACTIVIDADES	200.000,00 €
1329.03	CUSTOS INDIRECTOS PROXECTOS INVESTIGACIÓN	997.378,03 €
1329.04	CUSTOS INDIRECTOS FUAC	27.175,98 €
1329.05	FACTURACIÓN SERVIZOS INVESTIGACIÓN	810.500,00 €
1329.11	CUSTOS INDIRECTOS CONTRATOS ART.60	312.382,01 €
1329.12	CUSTOS INDIRECTOS OO.AA. ADMON. ESTADO	955.704,83 €
1329.13	CUSTOS INDIRECTOS CONVENIOS	70.257,95 €
1329.16	CUSTOS INDIRECTOS CISUG	113.305,67 €
1329.20	CUSTOS INDIRECTOS CÁTEDRAS	10.140,74 €
1329.99	CUSTOS INDIRECTOS	104.456,12 €
	ARTIGO 33. VENDA DE BENS	120.000,00 €
1330.00	PUBLICACIÓNS PROPIAS	25.000,00 €
1331.00	VENDA ENERXÍA ELÉCTRICA	95.000,00 €
	TOTAL CAPÍTULO III	15.977.407,35 €
	CAPÍTULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES	
	ARTIGO 40. DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO	1.071.000,00 €
1402.00	PROGRAMA ERASMUS KA131 23-26	850.000,00 €
1402.00	PROGRAMA ERASMUS KA171 22-27	95.000,00 €
1403.00	VTI. CONV. Mº DEFENSA. ESCUELA ANTONIO ESCAÑO. APORTACIÓN Mº	126.000,00 €
	ARTIGO 41. DE ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS	107.260.789,38 €
1410.10	Bolsas Campus Rural	75.000,00 €
1410.10	ESTADIAS POSDOUTORAIS 2022	12.000,00 €
1410.10	ESTADIAS POSDOUTORAIS 2023	72.000,00 €
1410.10	ESTADIAS POSDOUTORAIS 2024	150.000,00 €
1410.10	ESTADIAS PREDOUTORAIS 2023	64.800,00 €
1410.11.01	PGFU. FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL. CUSTO ESTÁNDAR	80.775.142,52 €
1410.11.01	PGFU. SECRETARIA XERAL DEPORTES TRANSF.F. CC. D. E. F.	3.408.525,00 €



1410.11.01	PGFU. SERGAS: PRAZAS VINCULADAS	1.029.264,01 €
1410.11.02	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. GASTO CORRENTE	5.861.668,97 €
1410.11.03	COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULA	8.347.242,70 €
1410.11.04	PGFU. SUBVENCIÓN CONSELLO SOCIAL	200.000,00 €
1410.11.05	PGFU. SUBFONDO PANEL DE INDICADORES DE RESULTADOS. CAP. IV	7.265.146,18 €
	ARTIGO 46. DE CORPORACIÓNS LOCAIS	110.000,00 €
1460.01	CONVENIO DEPUTACIÓN ACTIVIDADES CULTURAIS	110.000,00 €
	ARTIGO 47. DE EMPRESAS PRIVADAS	754.800,00 €
1470.00	AXUDAS ESTUDANTES. ESTADÍAS INTERNAC. EIDUDC. UDC-INDITEX.	136.800,00 €
1470.08	BOLSAS ONCE-CRUE	8.000,00 €
1470.08	CONVENIO SANTANDER	550.000,00 €
1470.08	ESPAZO COMPARTIDO. ACHEGA ONCE.	60.000,00 €
	ARTIGO 48. DE FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO	24.000,00 €
1480.00	INTERNATIONAL SUMMER SCHOOL	24.000,00 €
	TOTAL CAPÍTULO IV	109.220.589,38 €
	CAPÍTULO V: INGRESOS PATRIMONIAIS	
	ARTIGO 52. XUROS DE DEPÓSITOS	35.000,00 €
1520.00	XUROS DE CONTAS BANCARIAS	35.000,00 €
	ARTIGO 55. PRODUTOS DE CONCESIÓNS E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS	320.000,00 €
1550.00	CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS	320.000,00 €
	TOTAL CAPÍTULO V	355.000,00 €
	CAPÍTULO VI:	
	ARTIGO 61. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	5.000.000,00 €
1612.00	VENDA DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCION	5.000.000,00 €
	TOTAL CAPÍTULO VI	5.000.000,00 €
	CAPÍTULO VII: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
	ARTIGO 70. DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO	9.291.253,41 €
1702.00	Axuda Instituto da Mulleres. Mº de Igualdade. Realización de investigacións feministas	52.440,32 €
1702.07	CONVENIO MARÍA GOYRI	1.264.654,20 €
1702.09	Axudas preparación e xestión de proxectos europeos	139.964,30 €
1702.09	BEATRIZ GALINDO 2022 SENIOR	65.000,00 €
1702.09	BEATRIZ GALINDO 2022 SENIOR/JUNIOR	100.000,00 €
1702.09	BEATRIZ GALINDO 2023 SENIOR/JUNIOR	100.000,00 €
1702.09	CATEDRA ENIA (Intelixencia Artificial). C16.R01. BNDS: 653587. MRR	811.916,83 €
1702.09	CONVENIO INCIBE (CIBERSEGURIDAD) - NG-EU (C061/23). Compoñ.15, Inv.7	199.188,04 €
1703.01	Axuda María Guzmán Fecyt: Ciencia en aberto	11.344,10 €
1703.01	R097 (RENATUR)	8.420,14 €
1703.01	REDEVERDE PONTEVEDRA	109.070,42 €
1703.01	RURALTXA!	148.793,45 €
1703.02	AXUDAS JUAN DE LA CIERVA CONVOCATORIA 2023	32.300,00 €
1703.02	CONTRATOS PERSOAL TÉCNICO DE APOYO 2023	31.800,00 €
1703.02	EQC2024	1.816.112,56 €



1703.02	FPI2024-PID2023: ESTANCIAS e CONTRATOS	322.300,00 €
1703.02	JDC FORMACIÓN 2022	70.000,00 €
1703.02	JDC INCORPORACIÓN 2020	30.500,00 €
1703.02	JDC INCORPORACIÓN 2020 (traslado USC)	15.250,02 €
1703.02	JDC2023-052113-I	7.400,00 €
1703.02	PCI2024-155085-2	105.000,00 €
1703.02	PERSONAL TÉCNICO DE APOIO 2022	29.200,00 €
1703.02	PID2021	155.768,00 €
1703.02	PID2022	304.377,88 €
1703.02	PID2023	252.425,64 €
1703.02	PLEC2024-011165	373.637,50 €
1703.02	PREDOUTORAL FPI 2020	191.100,00 €
1703.02	PREDOUTORAL FPI 2021	200.700,00 €
1703.02	PREDOUTORAL FPI 2022	158.029,00 €
1703.02	PREDOUTORAL FPI UDC 2023	115.685,00 €
1703.02	PREDOUTORAL FPU 2020	77.153,35 €
1703.02	PREDOUTORAL FPU 2021	257.539,38 €
1703.02	PREDOUTORAL FPU 2022	232.282,62 €
1703.02	RAMÓN Y CAJAL 2018	60.000,66 €
1703.02	RAMÓN Y CAJAL 2023	332.600,00 €
1703.02	RAMÓN Y CAJAL. Conv. 2019	128.100,00 €
1703.02	RAMÓN Y CAJAL. Conv. 2020	266.700,00 €
1703.02	RAMÓN Y CAJAL. Conv. 2021	300.000,00 €
1703.02	RAMÓN Y CAJAL. Conv. 2022	414.500,00 €
	ARTIGO 71. DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	29.171.417,71 €
1710.01.01	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONCIDIONADO. GASTO MANTEMENTO INFRA-ESTRUTURA	2.317.064,03 €
1710.01.02	PGFU.SUBFONDO PANEL DE INDICADORES DE RESULTADOS. CAP. VII	7.579.358,53 €
1710.01.03	PGFU. PLAN DE ESTABILIDADE FINANCEIRA, EFICIENCIA E MELLORA ENERXÉTICA	5.259.232,33 €
1710.08	CONVENIO CAMPUS INDUSTRIAL FERROL. ANUALIDADE 2025	1.840.000,00 €
1710.10	AXUDA CENTROS DE EXCELENCIA ED431G 2023/01_XUNTA (CITIC)	52.727,27 €
1710.10	AXUDA CENTROS DE EXCELENCIA ED431G 2023/09_XUNTA (CICA)	47.272,73 €
1710.10	AXUDA CENTROS DE EXCELENCIA ED431G 2023/10_XUNTA (CITEEC)	17.241,38 €
1710.10	CIENCIAS MARIÑAS FEMP-FEMPA Artigo 47/26 (med 2.1.1/2.1.1.1). BDNS: 655413	125.044,81 €
1710.10	CIENCIAS MARIÑAS FEMP-FEMPA Artigo 56/26 (med 2.4.3/2.1.6.9). BDNS: 655413	5.036,38 €
1710.10	CIENCIAS MARIÑAS MRR Compoñente 17, Inv. I1 BDNS: 654075	134.724,43 €
1710.10	COMUNICACIÓN CUÁNTICA MRR Compoñ. 17, Inv. I1. BDNS 637099	23.480,32 €
1710.10	ContratosPOSOUTORAL XUNTA 2023 FORMACIÓN	1.800,00 €
1710.10	ContratosPOSOUTORAL XUNTA 2024 FORMACIÓN	3.450,00 €
1710.10	CONV CONS.CULTURA. ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACION LINGÜÍSTICA.	23.500,00 €
1710.10	CONVENIO COFUND 23_26 IP: Manuel González Penedo	195.000,00 €
1710.10	CONVENIO DE INFRAESTRUTURAS UNIVERSITARIAS 2025	2.810.000,00 €
1710.10	CONVENIO DEMOCRATIZACIÓN DO COÑECEMENTO	13.333,30 €



1710.10	CONVENIO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. XUNTA DE GALICIA	50.000,00 €
1710.10	CONVENIO POLICHAETA II. 2021ES14MFPR001	59.710,20 €
1710.10	Convenio Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento	40.000,00 €
1710.10	CONVENIO XUNTA SERVIZOS XERAIS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN 2023-2025	1.452.015,68 €
1710.10	CONVENIO XUNTA UNIVERSIDADE SENIOR	32.000,00 €
1710.10	CONVENIOS FOMENTO I+D+i	2.000.000,00 €
1710.10	CONVOCATORIA 2024 AXUDAS PARA COMPLETAR A ETAPA FORMACIÓN POS-DOUTORAL	24.999,99 €
1710.10	Doctorados Industriales 2022	24.999,99 €
1710.10	Doctorados Industriales 2023	8.333,33 €
1710.10	FEADER 2024/027B	9.800,00 €
1710.10	POSDOUTORAL XUNTA 2022-Formación	117.333,33 €
1710.10	POSDOUTORAL XUNTA 2023-Formación	128.000,00 €
1710.10	POSDOUTORAL XUNTA 2024 CONTINUACION	117.000,00 €
1710.10	POSDOUTORAL XUNTA 2024-Formación	297.000,00 €
1710.10	PREDOUTORAL-XUNTA 2022	120.000,00 €
1710.10	PREDOUTORAL-XUNTA 2022-Suplente	24.000,00 €
1710.10	PREDOUTORAL-XUNTA 2023	504.000,00 €
1710.10	PREDOUTORAL-XUNTA 2024	240.000,00 €
1710.10	Programa Starting Grant 24-28	130.000,00 €
1710.10	REDE EUSUMO 2024-2025. TR811A-2024-00004. FCA	16.307,69 €
1710.10	XUNTA. CONVENIO PLAN CORRESPONSALES	20.000,00 €
1710.13	Axuda centro interuniversitario ECOBAS. FCA	5.000,00 €
1710.13	AXUDAS CONSOLIDACIÓN ESTRUTURAS DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS_2021	41.666,66 €
1710.13	AXUDAS CONSOLIDACIÓN ESTRUTURAS DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS_2022	595.833,32 €
1710.13	AXUDAS CONSOLIDACIÓN ESTRUTURAS DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS_2023	545.454,56 €
1710.13	AXUDAS CONSOLIDACIÓN ESTRUTURAS DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS_2024	983.471,09 €
1710.37	Axuda centro interuniversitario ECOBAS (Galicia Feder 2021-27)	17.068,84 €
1710.37	AXUDA CENTROS DE EXCELENCIA ED431G 2023/01_FEDER (CITIC)	514.939,59 €
1710.37	AXUDA CENTROS DE EXCELENCIA ED431G 2023/09_FEDER (CICA)	434.429,14 €
1710.37	AXUDA CENTROS DE EXCELENCIA ED431G 2023/10_FEDER (CITEEC)	169.788,79 €
	ARTIGO 73. AXENCIAS ESTATAIS E AUTONÓMICAS E OUTROS ORGANISMOS PÚBLICOS	1.247.495,26 €
1732.00	BIOTECNOLOGÍA FCA (PROGRAMA DE BIOTECNOLOXÍA APLICADA Á SAÚDE, PRTR)	42.244,00 €
1732.00	CENTRO MIXTO DE INVESTIGACIÓN UDC-NAVANTIA. Achega GAIN	837.177,60 €
1732.00	Convenio Biotecnología MRR IP: Ana López Cheda, Manuel Glez Penedo	14.496,63 €
1732.00	CONVENIO C. CUÁNTICA FCA	17.516,70 €
1732.00	CONVENIO FINALISTAS ERC. Jessica Rdguez Vilar.FCA	34.260,00 €
1732.00	DATAMICROCCR. MRR NGEU IP Susana Ladra	41.068,62 €
1732.00	ECOFROST_B - Tecnoloxías de refrixeración (001_IN855A_2023). FCA	252.583,33 €
1732.00	PROXECTO INMUNOMACS-PRO NGEU. IP: Elena Pazos	5.148,38 €



1732.00	PROXECTO MCSICAR NGEU. IP Ana López Cheda	3.000,00 €
	ARTIGO 76. DE CORPORACIÓNS LOCAIS	334.493,00 €
1760.00	CÁTEDRA DE ARQUEOLOXÍA	22.320,00 €
1760.00	CONVENIO CONCELLO - CEXEF	25.000,00 €
1760.00	CONVENIO DEPUTACIÓN FLL Y GREEN POWER	48.000,00 €
1760.00	CONVENIO MODA CONCELLO DE FERROL	6.000,00 €
1760.00	CONVENIO UDC- CONCELLO XERMADE.	6.773,00 €
1760.00	CONVENIOS CONCELLO A CORUÑA, INFRAESTRUTURAS	171.400,00 €
1761.00	CÁTEDRA DE EMERXENCIAS. MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DE FERROL	20.000,00 €
1761.00	SUBVENCIÓN NOMINATIVA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA	35.000,00 €
	ARTIGO 77. DE EMPRESAS PRIVADAS	730.250,00 €
1770.00	CÁTEDRA COSME ÁLVAREZ DE LOS RÍOS NAVANTIA-UDC	38.250,00 €
1770.00	CENTRO MIXTO DE INVESTIGACIÓN UDC-NAVANTIA. Achega Navantia	392.000,00 €
1770.08	CONVENIO INTALENT INDITEX.	300.000,00 €
	ARTIGO 78. DE FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FIN DE LUCRO	18.600,00 €
1780.09	CÁTEDRA DIOCESE MONDOÑEDO-FERROL	18.600,00 €
	ARTIGO 79. DO EXTERIOR	643.863,60 €
1790.02	ALIANZA EUROPEA EMERGE	643.863,60 €
	TOTAL CAPÍTULO VII	41.437.372,98 €
	CAPÍTULO VIII: ACTIVOS FINANCIEROS	
	ARTIGO 86. ALLEAMENTO DE ACCIÓNS E PARTICIPACIÓNS	180.000,00 €
1861.00	ALLEAMENTO DE ACCIÓNS E PARTICIPACIÓNS DE EMPRESAS	180.000,00 €
	TOTAL CAPÍTULO VIII	180.000,00 €
	TOTAL XERAL INGRESOS	172.170.369,71 €



ORZAMENTO DE GASTOS

Orgánica	Funcional	Subcto.	Denominación	Importe
			CAPÍTULO I: GASTOS DE PERSOAL	
			ARTIGO 10. ALTOS CARGOS	179.305,11 €
100A	121A	101.01	REITOR	20.940,65 €
100A	121A	101.02	VICERREITORES E SECRETARIA XERAL	75.733,55 €
100A	121A	102.01	ADMINISTRACION XERAL. XERENCIA	82.630,91 €
			ARTIGO 11. PERSOAL EVENTUAL	93.129,57 €
100A	121A	110.00	EVENTUAIS DE GABINETE	89.537,22 €
100A	121A	110.02	PAGAS EXTRAS. EVENTUAIS DE GABINETE	3.592,35 €
			ARTIGO 12. FUNCIONARIOS	74.475.508,26 €
100A	121A	120.10	SOLDO PAS	9.521.603,18 €
100A	121A	120.11	TRIENIOS PAS	2.781.185,44 €
100A	121A	120.12	EXTRAS PAS	3.484.376,02 €
100A	121A	120.20	SOLDO DOCENTES	11.363.866,33 €
100A	121A	120.21	TRIENIOS DOCENTES	3.849.524,18 €
100A	121A	120.22	EXTRAS DOCENTES	3.958.882,89 €
100A	121A	120.30	SOLDO DOCENTES INTERINOS	54.006,55 €
100A	121A	120.31	EXTRAS DOCENTES INTERINOS	15.657,41 €
100A	121A	120.32	TRIENIOS FUNC. DOCENTES INTERINOS	17.894,61 €
100A	121A	121.09	COMPLEMENTO IT PAS FUNCIONARIO	221.097,10 €
100A	121A	121.10	COMPLEMENTO DESTINO PAS	4.677.003,45 €
100A	121A	121.11	COMPLEMENTO ESPECIFICO PAS	6.097.056,38 €
100A	121A	121.14	I.P.C. GALEGO PAS	77.387,26 €
100A	121A	121.15	COMPLEMENTO CARGO. PAS	25.476,79 €
100A	121A	121.19	COMPLEMENTO PERSOAL FUNCIONARIZACIÓN	148.111,52 €
100A	121A	121.20	COMPLEMENTO DESTINO DOCENTES	8.352.857,31 €
100A	121A	121.21	COMPLEMENTO ESPECIFICO DOCENTES	5.726.846,90 €
100A	121A	121.22	MERITOS DOCENTES PDI	5.771.387,31 €
100A	121A	121.23	MÉRITOS INVESTIGACIÓN. PDI	3.343.712,20 €
100A	121A	121.24	CARGOS ACADEMICOS DOCENTES	761.887,94 €
100A	121A	121.27	COMPLEMENTO IT PDI FUNCIONARIO	4.725,22 €
100A	121A	121.28	I.P.C. GALEGO DOCENTES	149.209,74 €
100A	121A	121.29	SEXENIOS ENSINO SECUNDARIO	12.927,88 €
100A	121A	121.30	COMPLEMENTO DESTINO DOC.INTERINOS	31.117,87 €
100A	121A	121.31	COMPLEMENTO ESPECIFICO DOC.INTERINOS	16.557,00 €
100A	121A	121.33	MERITOS DOCENTES FUNCIONARIOS DOC. INTERINOS	25.087,94 €
100A	121A	121.34	IPC GALEGO FUNC.DOCENTES INTERINOS	512,91 €
100A	121A	121.35	COMPLEMENTO AUTONOMICO LABOR DOCENTE	743.090,85 €
100A	121A	121.36	COMPLEMENTO AUTONOMICO LABOR INVESTIGADORA	631.546,65 €
100A	121A	121.37	COMPLEMENTO AUTONOMICO EXCELENCIA. XERENCIA, SERV. CENTRAIS	1.686.053,37 €
100A	121A	121.38	COMPLEMENTO AUTONOMICO Á XESTIÓN. XERENCIA SERVIC. CENTRAIS	323.998,30 €
100A	121A	121.42	PAZAS VINCULADAS.CONV.SERGAS	595.613,50 €
100A	121A	121.50	COMPLEMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL UE	5.246,26 €



			ARTIGO 13. PERSOAL LABORAL	870.291,66 €
100A	121A	130.00	SOLDO LABORAIS FIXOS	317.817,49 €
100A	121A	130.01	TRIENIOS LABORAIS FIXOS	34.844,62 €
100A	121A	130.02	EXTRAS LABORAIS FIXOS	109.340,98 €
100A	121A	130.04	COMPLEMENTO PERSOAL APOIO	12.059,37 €
100A	121A	130.05	COMPLMENTO IT PAS LABORAL FIXO	2.141,29 €
100A	121A	130.07	PAGA LINEAL CONV.NON CONSOLIDABLE.PAS LA- BORAL FIXO	9.020,48 €
100A	121A	130.10	COMPLEMENTO PERMANENCIA	3.432,18 €
100A	121A	130.15	COMPLEMENTO DE POSTO	67.245,50 €
100A	121A	131.00	SOLDO LABORAIS TEMPORAIS PAS	197.184,14 €
100A	121A	131.01	COMPLEMENTO LABORAIS TEMPORAIS	23.083,77 €
100A	121A	131.03	TIRENIOS. ANTIGU.PAS LABORAL EVENTUAL. XE- RENCIA	14.736,55 €
100A	121A	131.04	COMPLMENTO IT PAS LABORAL EVENTUAL	451,16 €
100A	121A	131.05	INDEMNIZATIONS RESCISIONS CONTRATOS	36.261,67 €
100A	121A	131.06	PAGAS EXTRAS PERS.LABORAL TEMPORAL.	41.484,22 €
100A	121A	131.07	PAGA LINEAL CONV. NON CONSOLIDABLE.PAS LA- BORAL EVENTUAL	1.188,24 €
			ARTIGO 14. PDI CONTRATADO	23.427.255,99 €
100A	121A	141.00	SOLDO PDI CONTRATADO	8.719.464,40 €
100A	121A	141.01	PAGAS EXTRAS. PDI CONTRATADO	2.524.129,92 €
100A	121A	141.02	COMPLEMENTO IT PDI LABORAL	120.594,05 €
100A	121A	141.11	COMPLEMENTO DESTINO PDI CONTRATADO	6.174.627,75 €
100A	121A	141.12	COMPLEMENTO ESPECIFICO PDI CONTRATADO	1.734.411,68 €
100A	121A	141.13	COMPLEMENTO ACADEMICO PDI CONTRATADO	360.487,92 €
100A	121A	141.14	TRIENIOS DOCENT. CONTRAT.	1.202.651,75 €
100A	121A	141.15	COMPLEM.AUTONOMICO LABOR DOC. P.D. CON- TRATADO	169.222,43 €
100A	121A	141.16	COMPLEM.AUTONOMICO LABOR INVESTIGADORA P.D. CONTRATADO	150.194,81 €
100A	121A	141.18	MÉRITOS DOCENT.CONTR.LABOR.DOC.FIXOS	1.530.593,80 €
100A	121A	141.19	MÉRITOS INVEST.CONTR.LABORAL DOC. FIXOS	504.003,30 €
100A	121A	141.20	COMPLEM.AUTONOM. Á EXCELENCIA CURRICULAR	204.975,49 €
100A	121A	141.21	COMPLEMENTO AUTONOM.POR CARGOS DE XES- TIÓN	25.293,58 €
100A	121A	141.22	SEXENIOS DE ENSINANZA SECUNDARIA.	4.722,75 €
100A	121A	141.50	COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS	1.882,36 €
			ARTIGO 15. INCENTIVOS AO RENDEMENTO	1.119.652,51 €
100A	121A	150.00	PRODUCTIVIDADE PAS FUNCIONARIO	1.060.992,35 €
100A	121A	150.01	PRODUCTIVIDADE XERENCIA	3.190,57 €
100A	121A	151.00	GRATIFICACION PAS FUNCIONARIO	553,80 €
100A	121A	151.02	GRATIFICACIONS. PERSOAL DOCENTE	54.915,79 €
			ARTIGO 16. COTAS, PRESTACIÓNS E GASTOS SO- CIAIS	17.577.970,85 €
100A	121A	160.00	SEGURIDADE SOCIAL PAS FUNCIONARIO	6.738.064,41 €
100A	121A	160.05	SEGURID.SOCIAL PAS LABORAL FIXO.	176.436,66 €
100A	121A	160.10	SEGURIDADE SOCIAL PAS LABORAL TEMPORAL	33.089,37 €
100A	121A	160.30	SEGURIDADE SOCIAL PDI CONTRATADO	7.201.076,60 €
100A	121A	160.40	SEGURIDADE SOCIAL PERSOAL DOC.INTERINO	49.790,00 €



100A	121A	160.50	SEGR.SOCIAL PDI,FUNC CON PRAZAS VINCULADAS	98.702,65 €
100A	121A	160.60	SEGURIDADE SOCIAL DOCENTE FAC.CC.DEPORTE E EDUC.FÍSICA	166.380,02 €
100A	121A	160.70	SEGURIDADE SOCIAL PDI FUNC. DE NOVO INGRESO	2.450.088,80 €
100A	121A	162.00	FORMACION E PERFECCIONAMENTO DO PAS	49.841,60 €
100A	121A	162.14	ACCIÓN SOCIAL UDC	614.500,74 €
			TOTAL CAPÍTULO I	117.743.113,95 €
			CAPÍTULO II: GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	
			ARTIGO 20. ALUGUERES	1.250.759,90 €
050A	541A	200.00	CANON CONCESIONAL CIDADE DAS TIC	304.980,00 €
090A	422D	200.00	ARRENDAMENTOS	45.777,64 €
100A	121A	202.00	ARRENDAMENTO EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS	4.600,00 €
1018	121A	209.00	CANONS E LICENCIAS	796.267,26 €
630A	300C	209.00	LICENCIAS SOFTWARE	4.250,00 €
106	121A	209.01	SEGURIDADE DA INFORMACIÓN. LICENZAS-SOFTWARE	90.750,00 €
030A	121A	209.01	VEE. LICENZAS-SOFTWARE	2.135,00 €
620A	122B	209.01	LICENCIAS DE SOFTWARE	2.000,00 €
			ARTIGO 21. REPARACIÓNS E CONSERVACIÓNS	606.689,65 €
0201	121A	212.00	MANTEMENTOS. VIS	246.240,60 €
0201	541A	212.00	MANTEMENTOS. VIS. INVESTIGACIÓN	20.300,00 €
090A	121A	212.00	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS	86.945,80 €
200A	300C	212.00	REPARACIÓNS	6.500,00 €
300A	300C	212.00	REPARACIÓNS	9.445,28 €
400A	300C	212.00	REPARACIÓNS	12.000,00 €
500A	300C	212.00	REPARACIÓNS	4.067,07 €
610A	300C	212.00	REPARACIÓNS	7.641,80 €
620A	300C	212.00	REPARACIÓNS	20.277,66 €
630A	300C	212.00	REPARACIÓNS	6.006,98 €
640A	300C	212.00	REPARACIÓNS	7.628,65 €
650A	300C	212.00	REPARACIÓNS	8.497,55 €
660A	300C	212.00	REPARACIÓNS	6.021,96 €
670A	300C	212.00	REPARACIÓNS	11.458,95 €
680A	300C	212.00	REPARACIÓNS	6.857,64 €
690A	300C	212.00	REPARACIÓNS	15.000,00 €
700A	300C	212.00	REPARACIÓNS	18.000,00 €
710A	300C	212.00	REPARACIÓNS	3.022,76 €
740A	300C	212.00	REPARACIÓNS	9.525,39 €
750A	300C	212.00	REPARACIÓNS	3.363,01 €
760A	300C	212.00	REPARACIÓNS	2.089,71 €
780A	300C	212.00	REPARACIÓNS	2.996,00 €
1708	121A	213.00	REPARACIÓNS EQUIPOS	3.500,00 €
05C2	541A	213.01	CITENI. MANTEMENTO	7.000,00 €
05C3	541A	213.01	CONTRATO PROGRAMA. CI CITIC	45.302,84 €
100A	121A	214.00	REPARACIÓN DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE	32.000,00 €
640A	121A	214.00	REPARACIÓNS	5.000,00 €



			ARTIGO 22. MATERIAL, SUMINISTROS E OUTROS	16.910.568,89 €
0502	122B	220.00	SERVIZO DE BIBLIOTECA. MATERIAL DE OFICINA DE USO ORDINARIO NON INVENTARIABLE	5.600,00 €
110A	111A	220.00	CONSELLO SOCIAL. MATERIAL DE OFICINA DE USO ORDINARIO NON INVENTARIABLE	1.500,00 €
030A	322A	220.00	EQUIPAMENTO RESIDENCIA UNIVERSITA	2.500,00 €
030A	422D	220.00	VEE. MATERIAL DE OFICINA DE USO ORDINARIO NON INVENTARIABLE	3.500,00 €
030A	422D	226.00	CONSELLO DE ESTUDANTES. GASTOS DE FUNCIONAMENTO	5.000,00 €
090A	121A	220.00	MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS E OUTROS	64.304,90 €
090A	122B	220.00	BIBLIOTECA PATÍN. MATERIAL DE OFICINA DE USO ORDINARIO NON INVENTARIABLE	1.717,80 €
100A	121A	220.00	MATERIAL DE OFICINA DE USO ORDINARIO NON INVENTARIABLE	21.000,00 €
180A	121A	220.00	MATERIAL DE OFICINA DE USO ORDINARIO NON INVENTARIABLE	3.500,00 €
200A	122B	220.00	MATERIAL OFICINA	1.900,00 €
300A	122B	220.00	MATERIAL OFICINA	1.247,08 €
400A	122B	220.00	MATERIAL OFICINA	1.763,28 €
500A	122B	220.00	MATERIAL OFICINA	1.036,51 €
500A	300C	220.00	MATERIAL OFICINA	381,54 €
600A	300C	220.00	MATERIAL OFICINA	291,89 €
610A	122B	220.00	MATERIAL OFICINA	1.185,32 €
620A	122B	220.00	MATERIAL OFICINA	1.636,68 €
630A	122B	220.00	MATERIAL OFICINA	1.917,86 €
640A	122B	220.00	MATERIAL OFICINA	1.039,40 €
650A	122B	220.00	MATERIAL OFICINA	1.924,20 €
650A	422D	220.00	MATERIAL OFICINA	378,25 €
660A	122B	220.00	MATERIAL OFICINA	1.393,55 €
670A	122B	220.00	MATERIAL OFICINA	1.200,00 €
680A	122B	220.00	MATERIAL OFICINA	828,28 €
680A	422D	220.00	MATERIAL OFICINA	423,33 €
700A	122B	220.00	MATERIAL OFICINA	2.000,00 €
740A	122B	220.00	MATERIAL OFICINA	1.600,00 €
1018	121A	220.02	MATERIAL INFORMÁTICO NON INVENTARIABLE	65.000,00 €
0502	122B	220.03	SERVIZO DE BIBLIOTECA. PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO	8.400,00 €
0502	122B	220.05	SERVIZO DE BIBLIOTECA. RECURSOS DE INFORMACIÓN	745.500,00 €
100A	121A	221.00	ENERXÍA ELÉCTRICA	2.600.884,24 €
100A	121A	221.01	AUGA	145.000,00 €
100A	121A	221.03	COMBUSTIBLES, LUBRICANTES E ADITIVOS	1.260.000,00 €
100A	121A	221.04	VESTIARIO	15.000,00 €
0504	541A	221.99	SAI. MATERIAL FUNXIBLE	317.500,00 €
7501	300C	221.99	OUTRAS SUMINISTRACIÓNS	20.300,00 €
1018	121A	222.00	SERVIZOS DE TELECOMUNICACIÓNS	271.000,00 €
100A	121A	222.01	POSTÁIS E MENSAXARÍA	49.750,00 €
0505	541A	223.01	OTC.IRS	3.000,00 €
050A	541A	224.00	PRIMAS DE SEGUROS	1.000,00 €
100A	121A	224.00	PRIMAS DE SEGUROS	385.000,00 €



100A	121A	225.02	TRIBUTOS LOCAIS	5.000,00 €
0105	121A	226.00	SERVIZO REXISTRO, DOCUMENTACIÓN E ARQUIVO. GASTOS FUNCIONAMENTO	2.500,00 €
0205	121A	226.00	OFICINA DE SUSTENTABILIDADE. GASTOS FUNCIONAMENTO	25.200,00 €
0303	422D	226.00	OBSERVATORIO OCUPACIONAL. GASTOS DE FUNCIONAMENTO	15.000,00 €
0501	541A	226.00	ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO	19.000,00 €
0505	541A	226.00	OTC. GASTOS DE FUNCIONAMENTO	20.000,00 €
0507	541A	226.00	OPI. GASTOS DE FUNCIONAMENTO	20.000,00 €
0508	541A	226.00	OPCI. GASTOS DE FUNCIONAMENTO	20.000,00 €
0901	321A	226.00	OCV. GASTOS FUNCIONAMENTO	23.200,00 €
0903	121A	226.00	UDC SAUDABLE. GASTOS FUNCIONAMENTO	2.000,00 €
1805	121A	226.00	ADI. GASTOS FUNCIONAMENTO	21.200,00 €
1807	121A	226.00	SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. GASTOS FUNCIONAMENTO	23.500,00 €
05.99.24.11.33	541A	649.02	PID2023-146793OB-I00 - Optimización topológica de estructuras con restricciones avanzadas - París López, J.	7.603,20 €
05.99.24.11.34	541A	649.02	PID2023-147127OB-I00 - Inferencia estadística utilizando métodos flexibles para datos complejo - Francisco Fernández, M.	10.032,00 €
05.99.24.11.35	541A	649.02	PID2023-147129OB-C21 - Tecnologías del lenguaje desde una perspectiva verde - Gómez Rodríguez, C.	7.075,20 €
05.99.24.11.36	541A	649.02	PID2023-147404OB-I00 - Aprendizaje automático frugal: potenciando la IA en entornos limitados - Guijarro Berdiñas, B.	8.400,48 €
05.99.24.11.37	541A	649.02	PID2023-147422OB-I00-Algorit. Aprendizaje Automático para el Análisis de Registros Médicos del Sueño-Álvarez Estévez, D.	7.735,20 €
05.99.24.11.38	541A	649.02	PID2023-147447OB-I00 - Impacto de la fatiga central en circuitos prefrontales - Arias Rodríguez, P.	14.208,00 €
05.99.24.11.39	541A	649.02	PID2023-148074OB-I00-Previsiones de inundación generadas con modelos de base física mediante técnicas IA-Cea Gómez, L.	6.600,00 €
05.99.24.11.40	541A	649.02	PID2023-148531NB-I00 - Generación de Explicaciones en Sistemas Inteligentes Híbridos - Cabalar Fernández, J.	35.076,00 €
05.99.24.11.41	541A	649.02	PID2023-148591NB-I00 - Mujeres migrantes y trabajo esencial en España. - Pérez Caramés, A.	7.524,00 €
05.99.24.11.42	541A	649.02	PID2023-148842NB-I00 -Digitalización trabajo movilid Europa: migraciones retorno nomadismo digital- Fernández Suárez, M.	7.920,00 €
05.99.24.11.43	541A	649.02	PID2023-148913OB-I00 - IA confiable y explicable para el diagnóstico imagen médica asistido ordenador -Ortega Hortas, M.	16.889,76 €
05.99.24.11.44	541A	649.02	PID2023-149956OB-I00 - Puertos seguros y eficientes: gestión integral del riesgo operacional - Peña González, E.	7.254,72 €
05.99.24.11.45	541A	649.02	PID2023-150794OB-I00 - Mejorando la Detección de Ciber Amenazas usando Modelos de Lenguaje - Cacheda Seijo, F.	2.640,00 €
05.99.24.11.46	541A	649.02	PID2023-151067OB-I00 - Valorización de contaminantes: bioconversión en biocombustibles y bioproductos - Kennes, C.	8.754,24 €
05.99.24.11.47	541A	649.02	PID2023-151271OB-I00-Diseño de aerestructuras seguras, eficientes y tolerantes a daños a cargas extrem-Díaz García, J.	6.922,08 €
05.99.24.11.48	541A	649.02	PID2023-151636OB-I00 - NANO INGENIERIA SOSTENIBLE PARA EL DESARROLLO DE MATERIALES BASE CEMENTO- González Fonteboa, M.	11.410,80 €
05.99.24.11.49	541A	649.02	PID2023-151673OB-I00-El lenguaje herramienta de detección temprana de trastornos neurocognitivos-Martínez Ferreiro, S.	5.285,28 €



05.99.24.11.50	541A	649.02	PID2023-152234OB-I00 - Complejos de Metales de Transición para la Imagen Dirigida - Rodríguez Rodríguez, A.	7.920,00 €
05.99.24.11.51	541A	649.02	PID2023-152407NA-I00 - Redes sociales y economías familiares en los espacios rurales (ss. XVII-XIX) - González López, T.	3.432,00 €
05.99.24.11.52	541A	649.02	PID2023-152428OB-I00 - Impresión 3D de compuestos basados en PANI para adsorción de contaminantes en- Abad López, M.	4.514,40 €
05.99.24.11.53	541A	649.02	PID2023-152839OB-I00 - Inteligencia artificial en la comercialización de seguro - Colina Garea, R.	2.164,80 €
05.99.24.11.54	541A	649.02	PID2023-152930NB-C22-Uso de enmiendas del suelo basadas en biochar para mejorar la salud del suelo Lado Liñares, M.	19.980,00 €
05.99.24.11.55	541A	649.02	PID2023-153061OB-I00 - Flujo turbulento de pequeña escala sobre tableros de puentes - Nieto Mouronte, F.	5.570,40 €
05.99.24.11.56	541A	649.02	PID2023-153202OB-I00 - Modelos acoplados de transporte reactivo de alta fidelidad para medios - Samper Calvete, F.	5.913,60 €
05.99.25.00.20	541A	649.02	PLEC2024-011165 - Fontenla Romero, Oscar	373.637,50 €
05.99.23.04.01	541A	649.02	PROXECTO INMUNOMACS-PRO NGEU. IP: Elena Pazos Chantrero	5.148,38 €
05.99.24.10.39	541A	649.02	PROXECTO MCSICAR NGEU. IP Ana López Cheda	3.000,00 €
05.99.22.02.65	541A	649.02	R097 (RENATUR) - RENATURALIZACION FLUVIAL DEL RIO TINES A SU PASO POR EL MUNICIPIO DE OUTES - FUERTES DOPICO, O.	8.420,14 €
05.99.23.11.85	541A	649.02	REDE EUSUMO 2024-2025. TR811A-2024-00004. FCA	16.307,69 €
05.99.23.02.64	541A	649.02	REDEVERDE PONTEVEDRA - Varela García, F.	109.070,42 €
05.99.22.02.61	541A	649.02	RURALTxA! - IMPULSO A LA BIOECONOMÍA RURAL - Fagúndez Díaz, J.	148.793,45 €
05.99.25.00.17	541A	649.02	RYC2023-043804-I - Línea de investigación. Vázquez Sierra, C.	25.000,00 €
05.99.25.00.19	541A	649.02	RYC2023-044773-I - Línea de investigación. Quintiá Pastrana, A	25.000,00 €
05.99.25.00.18	541A	649.02	RYC2023-044793-I - Línea de investigación. Polo Montero, D	25.000,00 €
05.C3.24.10.20	541A	649.02	ED431G2023/01 (2023 00075) - AYUDA CITIC (FONDO FEDER) - González Penedo, M.	514.939,59 €
05.C3.24.10.21	541A	649.02	ED431G2023/01 (2016 00129) - AYUDA CITIC (FONDO PROPIO) - González Penedo, M.	52.727,27 €
05C3	541A	649.02	CITIC. PROYECTOS DE INVESTIGACION	258.815,58 €
05.C3.25.00.21	541A	649.02	PCI2024-155085-2 - C. VÁZQUEZ CENDÓN	105.000,00 €
05C4	541A	649.02	CICA. PROYECTOS DE INVESTIGACION	289.037,23 €
050A	541A	649.10	FONDOS FINANCIAMIENTO A GRUPOS DE INVESTIGACIÓN, UNIDADES E INVESTIGADORES INDIVIDUAIS	588.282,51 €
050A	541A	649.99	EXECUCIÓNS E REINTEGROS	250.000,00 €
			TOTAL CAPÍTULO VI	29.097.151,07 €



			CAPÍTULO IX: PASIVOS FINANCIEROS	
			ARTIGO 91. AMORTIZACIÓN DE PRÉSTAMOS EN MOEDA NACIONAL	31.188,00 €
100A	121A	911.00	DEVOLUCIÓN ANTICIPO PARQUES	31.188,00 €
			TOTAL CAPÍTULO IX	31.188,00 €
			TOTAL XERAL GASTOS	172.170.369,71 €



NORMAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2025



ÍNDICE

NORMAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2025.....	1
I. Disposicións xerais.....	3
Art. 1. O orzamento da Universidade.....	3
Art. 2. Ámbito temporal	3
Art. 3. Contido e estrutura do orzamento de ingresos e gastos	3
II. Xestión e modificación do orzamento	4
Art. 4. Especialidade cualitativa e cuantitativa dos créditos.....	4
Art. 5. Temporalidade dos créditos.....	5
Art. 6. Modificacións orzamentarias	6
Art 7. Movementos entre proxectos.....	12
III Execución do gasto.....	12
Art. 8. Gastos plurianuais	12
Art. 9 . Gastos de tramitación anticipada.....	13
Art. 10. Fondo de continxencia	13
Art. 11. Gastos de persoal	14
Art. 12. Inventarios e adquisicións	14
Art. 13. Créditos dos centros.....	15
IV Execución de ingresos	15
Art. 14. Axudas e subvencións	15
Art. 15 Contabilización de ingresos de carácter finalista.....	17
V Control e responsabilidades.....	18
Art. 16 . Control interno	18
Art. 17. Retencións de saldos orzamentarios para garantir a estabilidade orzamentaria.....	18
VI. Peche e autorización	18
Art. 18. Peche do orzamento	18
Art. 19. Autorizacións de desenvolvemento	18
VIII. Disposicións finais	19
Disposición I. Adecuación de retribucións do persoal	19
Disposición II. Entrada en vigor	19



Normas de execución orzamentaria da Universidade da Coruña para o exercicio 2025

I. Disposicións xerais

Art. 1. O orzamento da Universidade

O orzamento da UDC constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas recoñecidas e dos dereitos previstos durante o exercicio económico. A súa elaboración rexeráse conforme á Lei orgánica 2/2023, dos Estatutos da Universidade da Coruña e outras normas que regulan a actividade económico-financeira do sector público galego e estatal, nomeadamente no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do réxime financeiro e orzamentario de Galicia (LRFPG).

Así mesmo, o orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio de 2025 apróbase en equilibrio e cumprindo coa sustentabilidade financeira dentro do límite de gasto establecido polo Consello Social. O importe do estado de ingresos e gastos ascende á contía de **172.170.369,71 €**.

Art. 2. Ámbito temporal

O exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a el imputaranse:

- Os dereitos liquidados durante o dito ano, calquera que sexa o período de que deriven.
- As obrigacións recoñecidas ata o 31 de decembro do 2025, con cargo aos créditos consignados no orzamento.

Art. 3. Contido e estrutura do orzamento de ingresos e gastos

O orzamento será único e incluírá:

- Os estados de gastos en que se inclúen coa debida especificación, os créditos necesarios para atender o cumprimento das obrigacións. Os gastos serán clasificados en correntes e de investimento, conforme á Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario e ao establecido no artigo 111 dos Estatutos da Universidade ao estado de gastos correntes anexarase a relación de postos de traballo do persoal de todas as categorías da Universidade, especificando a totalidade dos custos desta.



- Os estados de ingresos inclúen as estimacións dos distintos dereitos económicos que se prevé liquidar durante o correspondente exercicio, referidos aos recursos financeiros incluídos no artigo 57 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario e ao artigo 111 dos Estatutos da Universidade.

A estrutura do orzamento de gastos incluírá as clasificacións orgánica, funcional e económica, conforme ao marco normativo establecido.

A estrutura do orzamento de ingresos aplica a clasificación económica.

II. Xestión e modificación do orzamento

Art. 4. Especialidade cualitativa e cuantitativa dos créditos

- Especialidade cualitativa: os créditos consignados nos estados de gastos destinaranse exclusivamente ás finalidades específicas para as que foron autorizadas pola aprobación do orzamento ou polas modificacións aprobadas conforme á normativa vixente.
- Especialidade cuantitativa: os créditos autorizados nos estados de gastos do orzamento teñen carácter limitativo e vinculante conforme ás normas de vinculación que se establecen nos apartados seguintes. Por tanto, non se poderán adquirir compromisos de gastos por contía superior ao seu importe, sendo nulos de pleno dereito os correspondentes actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.
- Vinculación dos créditos: os créditos autorizados nos programas de gastos teñen carácter limitativo e vinculante a nivel de concepto. Con todo, os créditos destinados a gastos de persoal, excepto os que se refiren a incentivos ao rendemento e os gastos en bens correntes e servizos terán carácter vinculante a nivel de artigo. En todo caso, terán carácter vinculante, co nivel de desagregación económica co que aparezan nos estados de gastos, os créditos destinados a atencións protocolarias.

Así mesmo, os créditos autorizados terán carácter limitativo e vinculante, de acordo coa súa clasificación funcional a nivel de programa.

Os programas de gasto para a UDC para o exercicio 2025 son:

100A	Fondo de continxencia
111A	Consello Social
121A	Gastos xerais de apoio a docencia e a investigación



122B	Biblioteca
300C	Centros
321A	Extensión universitaria
322A	Residencias universitarias
422D	Ensinanza universitaria
541A	Investigación

Os créditos consignados destinaranse exclusivamente ás finalidades específicas autorizadas e serán limitativos e vinculantes segundo o nivel establecido.

Art. 5. Temporalidade dos créditos

- Anulación de créditos

Os créditos destinados a atender gastos que no último día do exercicio orzamentario non estiveren afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito, salvando, en todo caso, o disposto no art. 6 sobre incorporación de créditos.

- Regulación de obrigas

1. Con cargo aos créditos consignados nos estados de gastos só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, prestacións de servizos, e demais gastos en xeral que fosen realizados no ano natural do correspondente exercicio orzamentario (art. 60 LRFPD).

2. Porén, aplicaráselles aos créditos do orzamento vixente no momento de expedición de ordes de pagamento as seguintes obrigas (art. 60.2, LRFPD):

a) As que resultaren do recoñecemento e da liquidación de atrasos a favor do persoal que reciba as súas retribucións con cargo aos orzamentos da universidade.

b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores.

c) As que teñan a súa orixe en sentenzas xudiciais.

3. Naqueles casos en que non exista crédito adecuado no exercicio corrente, a Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica poderá determinar os créditos a que se lles deberá imputar o gasto desas obrigas.

4. Imputaranse ao exercicio 2025 aqueles gastos non executados no exercicio 2024 por mor das normas de peche, sempre que se cumpran os requisitos necesarios, nomeadamente, a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de procedencia. Se non existise



crédito no exercicio 2024, para executar o gasto deberao autorizar a Comisión de Asuntos Económicos delegada do Consello de Goberno con cargo ao orzamento de 2025.

Art. 6. Modificacións orzamentarias

A contía e a finalidade dos créditos contidos nos orzamentos de gastos só poderán ser modificadas durante o exercicio, dentro dos límites e de acordo co procedemento establecido nos apartados seguintes, mediante:

- 1) transferencias de créditos
- 2) xeracións de créditos
- 3) ampliacións de créditos
- 4) créditos extraordinarios e suplementos de crédito
- 5) incorporacións de créditos
- 6) redistribucións e reposicións de créditos.

Non se considerarán modificacións orzamentarias os aumentos e/ou minoracións de crédito que unicamente afecten á clasificación orgánica, sen romper a vinculación xurídica dos créditos atendendo á súa clasificación económica e funcional. Toda proposta e acordo de modificación orzamentaria deberá indicar expresamente o centro de gasto, o programa, o capítulo, o artigo, o concepto e o subconcepto, se for ou caso, afectados por esta, e a procedencia da incorporación, de se ter feita.

Para tramitar as modificacións orzamentarias será preciso informar da natureza xurídica e a fonte de financiamento, así como a finalidade da dita modificación.

A proposta de diminución dun crédito financiado con recursos propios requirirá garantir a existencia de recursos suficientes para afrontar as obrigas pendentes ata o fin de exercicio.

1/ Transferencias de créditos:

As transferencias de créditos son modificacións orzamentarias que traspasan recursos entre aplicacións orzamentarias de gasto, rompendo as vinculacións xurídicas existentes. Consiste en trasladar créditos do orzamento de gasto dunha aplicación orzamentaria a outra, de maneira que, sen aumentar o importe conxunto dos créditos concedidos, se varía a súa distribución.



Non terán a consideración de transferencias de créditos, aínda que se formalicen por este procedemento orzamentario, aquelas modificacións que:

- a) Sexan consecuencia de retencións a favor da UDC a servizos centrais desde aplicacións orzamentarias dos distintos centros de gastos como se indica no artigo 16 relativo as retencións de saldos orzamentarios para garantir a estabilidade orzamentaria.
- b) As distribución de créditos de servizos centrais a centros, departamentos, grupos de investigación ou unidades xestoras equivalentes. Estas modificacións serán tramitadas por servizos centrais a través do procedemento establecido.
- c) As transferencias de crédito que deba realizar a Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica como consecuencia de reorganizacións administrativas ou modificacións na estrutura que afecten á UDC ou a outras entidades cando teñan repercusión orzamentaria na Universidade.

As transferencias de crédito estarán suxeitas ás seguintes limitacións xerais:

- a) Non afectarán aos créditos extraordinarios concedidos durante o exercicio nin aos incrementados con suplementos.
- b) Non minorarán os créditos que fosen incrementados por transferencias, nin os créditos ampliados.
- c) Non incrementarán os créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración, agás cando afecten a créditos de persoal (os créditos de persoal inclúen os de capítulo I e os créditos de capítulo VI, de financiamento alleo que correspondan á contratación de persoal laboral temporal), redistribucións de crédito e aumentos por xeracións, tras a autorización da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica.
- d) Non poderán afectar a créditos con financiamento específico, agás autorización, que habrá de se acreditar no expediente do ente financiador.

As transferencias serán autorizadas atendendo ao seguinte:

1. O Consello Social delega no Consello de Goberno, de xeito xeral, a aprobación das transferencias de créditos de créditos de gastos correntes a gastos de capital.
2. As transferencias de créditos de gastos de capital a gastos correntes ten que as acordar o Consello Social, consonte a lexislación vixente.
3. Os capítulos VIII e IX de gasto serán asimilados a gastos de capital para os efectos de transferencias



2/ Xeracións de créditos

1. Cando se recoñezan ingresos, por compromisos de ingresos ou ingresos efectivamente recadados cuxa contía e natureza, segundo a clasificación económica de ingresos, non estean previstas no orzamento ou excedan as previsións iniciais que dean dereito a xerar crédito nos estados de gastos, realizarase a modificación orzamentaria polo importe correspondente.
2. Poderán dar lugar a xeracións de crédito, os dereitos e os compromisos firmes de ingresos derivados das seguintes operacións:

- Subvencións e axudas públicas e privadas para financiar gastos finalistas.
- Contribucións de persoas físicas ou xurídicas para financiar, conxuntamente coa Universidade, gastos que pola súa natureza estivesen comprendidos nos fins ou obxectos encomendados a esta.
- Prestación de servizos.
- Reembolso das prestacións destinadas a atencións sociais.
- Créditos do exterior para financiar investimentos públicos.
- Alleamento de bens patrimoniais da Universidade.

3. As xeracións de crédito efectuaranse no mesmo exercicio en que se produciu o ingreso, agás cando este tiver lugar no último trimestre do ano ou cando se tratar de fondos procedentes da Unión Europea ou da Administración central do Estado ou da Administración autonómica que os cofinanciaren, casos en que se poderá xerar crédito no exercicio seguinte, sempre que se xustifique a imposibilidade de tramitar a xeración no mesmo exercicio en que se produciu o ingreso.

4. Correspóndelle á Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica a aprobación dos expedientes de xeración de crédito, dando credencial do compromiso de ingreso mediante unha copia do convenio asinado, da resolución ou comunicación recibida ata un máximo de 5 millóns de euros; para importes superiores o órgano competente será o Consello de Goberno.

3/ Ampliacións de créditos

1. Os créditos, como norma xeral, terán a consideración de non ampliáveis. Excepcionalmente, terán a condición de ampliáveis os seguintes créditos que de modo taxativo e debidamente explicitado se relacionen no estado de gastos do Orzamento da Universidade e destinados:

- a) Ao pagamento das cotizacións á Seguridade Social ou outros gastos sociais do persoal.
- b) Ao pagamento de xuros, amortización de préstamos ou de operacións de crédito concertadas pola Universidade, así como os gastos financeiros.



- c) Á cobertura de necesidades de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia.
- d) A atender as obrigas contidas nos programas ou nos subprogramas de gasto referidos a:
 - prazos do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos
 - prazos do persoal docente e investigador

2. A Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica autorizará as ampliacións de crédito ata un máximo de cincocentos mil euros, mentres que para importes superiores o órgano competente será o Consello de Goberno. O expediente de ampliación de créditos deberá establecer a fonte de financiamento da citada ampliación, distinguindo se este se financiará con:

- reducións noutros créditos,
- maiores recursos que se vaian obter ou
- remanente non afectado de tesouraría.

Porén, as ampliacións impostas por disposicións legais serán autorizadas pola Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxicas que lle dará destas conta ao Consello de Goberno.

4/ Créditos extraordinarios e suplementos de crédito

Cando se deba realizar algún gasto con cargo aos orzamentos da Universidade que non se poida demorar ata o exercicio seguinte e non exista crédito nos estados de gastos, ou sexa insuficiente e non ampliable o consignado, o/a reitor/a someterá ao acordo do Consello Social a concesión dun crédito extraordinario, no primeiro caso, ou dun suplemento de crédito no segundo, en que se especificarán necesariamente os recursos con que se financiará o gasto que por estas causas se xera e o detalle do concepto orzamentario que se debe crear ou que é suplementado.

5/ Incorporacións de créditos

1. Remanente de tesouraría:

1.1 O remanente de tesouraría é un recurso orzamentario obtido, con carácter xeral, pola acumulación de resultados orzamentarios positivos dos anteriores exercicios. O remanente de tesouraría obtense pola suma dos fondos líquidos mais os dereitos pendentes de cobro, menos as obrigas pendentes de pagamento.



Para a incorporación ao exercicio orzamentario seguinte dos remanentes de tesouraría, estarase ao que establezan as normas de sustentabilidade orzamentaria, tanto da Administración autonómica como da Administración central.

2. Incorporacións:

2.1 Poderanse incorporar aos estados de gastos do orzamento correspondente ao exercicio inmediato seguinte, sempre que o remanente de tesouraría (libre ou afectado) teña o importe previsto suficiente:

- a) Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, así como as xeracións e transferencias de crédito, que se concedesen ou autorizasen, respectivamente, nos últimos dous meses do exercicio orzamentario e que, por causas xustificadas, non se puidesen utilizar durante este.
- b) Os créditos que especificamente autorice a Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica na orde de peche.
- c) Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados a estes.

2.2 Os remanentes incorporados segundo o previsto no apartado 2.1 deste artigo unicamente poderán ser aplicados dentro do exercicio orzamentario en que a incorporación se acorde e nos supostos a) e b) dese número, para os mesmos gastos que motivaron, en cada caso, a concesión, autorización e compromiso, agás os que correspondesen a créditos financiados por fondos ou subvencións finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras administracións públicas, que poderán ser incorporados en canto persista o dereito á percepción do ingreso que os financia.

Os importes totais ou parciais dos créditos incorporados para finalidades concretas, e que por diversos motivos non sexan utilizados para a finalidade que motivou a súa incorporación, non se poderán destinar a financiar outros expedientes de gasto e deberanse anular ou compensar mediante unha modificación orzamentaria que deposite o dito crédito nunha aplicación orzamentaria de servizos centrais e a cal, consecuentemente, tampouco poderá financiar expedientes de gasto.

2.3. Os fondos correspondentes a financiamento finalista serán incorporables de acordo coa normativa que lles for aplicable en cada caso. A xestión orzamentaria do exercicio ao que se incorporan no referente a créditos de contratación de persoal estarase ao disposto na normativa específica que o regula.

2.4. Os fondos procedentes do crédito denominado «Financiamento a grupos de investigación, unidades e investigadores individuais» (649.00) poderán ser incorporados ao exercicio seguinte ao da súa concesión. De igual xeito, os fondos propios xestionados polos centros de investigación que teñan carácter de investimento e que acadasen a cualificación de Centro de Investigación Singular do Sistema Universitario de Galicia (Rede CIGUS), caso do



CITIC, CICA e Centro Interuniversitario ECOBAS ou outra etiqueta de calidade por parte da Xunta de Galicia ou entidade acreditadora poderán ser incorporados ao exercicio seguinte ao da súa consignación no orzamento de gastos. O mesmo tratamento adoptarase con respecto aos centros recoñecidos pola Xunta de Galicia como centros de investigación colaborativos na senda da excelencia, caso do CITEEC e do Centro Interuniversitario ECOBAS.

2.6. O crédito correspondente á bolsa concedida a cada beneficiario/a do Programa de atracción de talento da UDC «Berce para Ramón y Cajal», incorporarase durante os cinco anos de duración do contrato ou no período de duración que estableza esta convocatoria.

2.7. As contías pendentes de executar de recursos dispoñibles liberados (RLD) ao final de cada exercicio conforme ao establecido no artigo 7.2 da Instrución, aprobada polo Consello de Goberno do 28/9/2017, de «Solicitude e xestión de proxectos europeos do programa Horizon2020 e doutros proxectos internacionais e de CI de recursos liberados dispoñibles no marco deste proxecto de I+D» e no artigo 7 da Instrución do 31/10/2019 de solicitude e xestión de proxectos do Consello Europeo de Investigación (ERC) e de custos indirectos e recursos liberados dispoñibles no marco destes proxectos de I+D, incorporaranse conforme cos criterios que se establecen nestas normas. O 20 % dos custos indirectos establecidos nesta Instrución incorporarase ao exercicio seguinte, que contan a partir da súa consignación no orzamento da Universidade.

2.8. Os expedientes de incorporación de créditos serán autorizados e aprobados pola vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas.

6/ Redistribucións e reposicións de créditos

As redistribucións de créditos son operacións orzamentarias, non se consideran modificacións orzamentarias, que permiten distribuír créditos minorando a dispoñibilidade de créditos dun centro xestor en favor doutro, sempre dentro da mesma vinculación xurídica.

Para a súa execución deberán contar co visto e prace do responsable do gasto, sendo responsable da súa autorización o Servizo de Orzamentos, logo da fiscalización da solicitude. As redistribucións de créditos efectuadas entre centros e departamentos deberán contar coa autorización expresa do receptor do crédito.

Non se permitirán redistribucións de crédito cando algún dos créditos teña a consideración de afectado.

A reposición de créditos ten lugar cando hai reintegros de pagamentos de exercicios correntes realizados con cargo a créditos orzamentarios. No caso de reintegros de pagamentos efectuados en exercicios anteriores correspondentes a créditos non afectados non darán lugar á reposición dos créditos, salvo autorización expresa da Xerencia.



Art 7. Movements entre proxectos

Non terán a consideración de modificacións orzamentarias os movementos entre proxectos necesarios para a execución orzamentaria no programa de xestión económica XUMCO.

III Execución do gasto

Art. 8. Gastos plurianuais

Considéranse gastos de carácter plurianual aqueles que se autoricen e comprometan con cargo a dous ou máis exercicios.

1. Poderanse adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual, aínda que a súa execución se deba iniciar no exercicio seguinte, cando o seu contido coincida cos seguintes supostos:

- a) Investimentos e transferencias de capital.
- b) Transferencias correntes, derivadas das normas con rango de lei.
- c) Gastos en bens e servizos cuxa contratación, baixo as modalidades establecidas na Lei de contratos do sector público, non poida ser estipulada ou resulte antieconómica por un prazo dun ano.
- d) Arrendamento de bens inmobles que vaian ser utilizados por servizos da Universidade.
- e) Cargas financeiras derivadas das operacións de endebedamento da universidade.
- f) Activos financeiros.
- g) Convenios con outras institucións ou centros cando aqueles se deban executar durante cursos académicos coincidentes con dous ou máis exercicios orzamentarios.

2. A autorización para realizar gastos de carácter plurianual estará subordinada aos créditos consignados para cada exercicio no orzamento da Universidade.

Para este fin, establécese que:

- a) Se existe financiamento afectado (proxectos, convenios etc.), estarase ao definido nas condicións da axuda. Dentro do módulo de proxectos ou financiamento afectado do programa de xestión, establecerase o límite que corresponda.
- b) Se o financiamento é propio da UDC, a unidade administrativa que formalice o expediente de gasto deberá solicitar previamente a conformidade da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica. Esta conformidade deberá constar no documento contable antes da contabilización do expediente de gasto ou da súa remisión ao Servizo de Control Interno, cando proceda.



3. A unidade administrativa que formalice o compromiso de gasto deberalle facilitar a información á Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica. Para elaborar o anteproxecto de orzamento, deberá ter en conta o importe dos gastos plurianuais formalizados con cargo a cada partida, para garantir que no orzamento do exercicio correspondente exista dotación suficiente para asumir os ditos compromisos.

4. O número de exercicios aos que se poden aplicar os gastos incluídos nos apartados a), b), c), f) e g) do punto 1 non poderá ser superior a catro. Así mesmo, o gasto imputado a cada exercicio posterior, salvo o sinalado na Lei de contratos do sector público para os expedientes de obra, non poderá exceder as seguintes proporcións respecto ao crédito inicial a nivel de concepto:

- no exercicio inmediato seguinte, o 70 %
- no segundo exercicio, o 60 %
- nos exercicios terceiro e cuarto, o 50 %.

A Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica poderá modificar estas porcentaxes, así como o número de anualidades, en casos especialmente xustificadas. Estas modificacións deberán ser informadas á Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno.

5. Os compromisos de gastos de carácter plurianual serán contabilizados de forma independente e adecuada.

Art. 9 . Gastos de tramitación anticipada

Considéranse gastos de tramitación anticipada aqueles cuxos expedientes se inician no ano anterior ao exercicio orzamentario en que vaia ter lugar a súa execución e contraprestación.

Anualmente, ditaranse instrucións específicas para a xestión dos gastos que se deban tramitar de forma anticipada.

Art. 10. Fondo de continxencia

No estado de gastos incluírase un fondo destinado a atender necesidades que poidan xurdir no exercicio corrente, sempre que sexan inaprazables, de carácter non discrecional e carezan, total ou parcialmente, dunha axeitada dotación orzamentaria.

A aplicación deste fondo será aprobada pola Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica.



Art. 11. Gastos de persoal

1. Regulación retributiva

As retribucións do persoal activo axustaranse ao disposto na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia e outras normativas estatais aplicables.

2. Produtividade e gratificacións

Os créditos destinados a produtividade e gratificacións seguirán os criterios establecidos en normativas específicas (por exemplo, o Real decreto 1545/1987).

3. Gastos sociais

Os créditos destinados a gastos sociais do PTXAS e do PDI estarán suxeitos á consulta ou proposta dos/as representantes das persoas traballadores e non poderán superar as partidas asignadas ao concepto 162.14 Acción Social UDC. A este crédito imputaráselle o gasto correspondente á compensación de prezos públicos do persoal da UDC.

4. Anticipos de nómina

Permitiranse anticipos de nómina con tratamento non orzamentario, sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

5. Formación e perfeccionamento

Asignarase un crédito específico para cubrir o Plan integral de formación do persoal técnico e de xestión, segundo o estipulado nos Estatutos.

Art. 12. Inventarios e adquisicións

1. Xestión de inventarios

Consideraranse inventariables os bens mobles non funxibles que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que teñan unha vida útil superior ao ano e non se consuman co uso.
- b) Que o custo unitario sexa superior a 300 €, tendo en conta o valor de imputación da adquisición ao orzamento da universidade. O mobiliario, independentemente do seu valor, deberá ser inventariado.



Os bens doados á Universidade incorporaranse ao inventario e a súa valoración será determinada por unha certificación do doante ou pola factura correspondente.

2. Adquisicións

As adquisicións de bens e servizos realizaranse conforme á normativa vixente, respectando os procedementos de contratación establecidos pola Universidade, nomeadamente a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (a partir de agora LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 e as normas que nesta materia se diten e a normativa interna da UDC.

Autorízase a Xerencia para ditar as normas necesarias para actualizar o inventario e garantir a correcta xestión das adquisicións realizadas durante o exercicio orzamentario.

Calquera proposta de incoación de expedientes de contratación será remitida á Xerencia, que ordenará a súa tramitación segundo as normas establecidas para o efecto. Nesta materia, a UDC como prevención contra a fraude, o favoritismo e a corrupción, conforme co establecido no artigo 64 da LCSP, require a declaración de ausencia de conflito de interese para as persoas que interveñan nos procedementos de contratación. En materia de contratación menor, estarase ao disposto nas instrucións da Xerencia.

3. Responsabilidade e control

As persoas responsables da xestión dos inventarios deben garantir a correcta actualización e control dos bens adquiridos e cumprir coa normativa de control interno e rendición de contas.

A Xerencia realizará auditorías periódicas para asegurar que os bens adquiridos e xestionados están correctamente rexistrados e utilizados.

Art. 13. Créditos dos centros

Non se poderán minorar os créditos consignados do artigo 21(reparacións) correspondentes aos centros, facultades ou escolas

IV Execución de ingresos

Art. 14. Axudas e subvencións



1. Criterios de concesión:

Para a concesión de axudas e subvencións con cargo aos orzamentos da Universidade, aplicaranse os principios de publicidade, concorrência e obxectividade, consonte coa lexislación autonómica e estatal aplicable.

2. Bases reguladoras:

- Sen prexuízo de que o Consello de Goberno determine os criterios básicos, os órganos xestores competentes establecerán, con carácter previo á disposición dos créditos, as bases reguladoras aplicables á concesión.
- Estas bases deberán incluír como mínimo:
 - O obxecto da subvención ou axuda.
 - O financiamento. Cando o período da subvención ou axuda se estenda a máis dun exercicio económico aplicarase o disposto na base 3ª, parágrafo 2.
 - Os requisitos que deben reunir as persoas beneficiarias e a forma de os acreditar.
 - O prazo e a forma de xustificación por parte das persoas beneficiarias da aplicación definitiva dos fondos recibidos, incluíndo, se procede, os librados en concepto de anticipos.
 - A forma e os prazos de concesión da subvención, así como as posibilidades de conceder anticipos.

3. Excepcións:

Non será aplicable o disposto no apartado anterior cando as axudas ou subvencións teñan asignación nominativa nos orzamentos da Universidade ou cando a súa concesión e contía sexan esixibles en virtude desta asignación.

4. Requisitos das persoas beneficiarias:

As persoas beneficiarias de subvencións ou axudas con cargo aos orzamentos da Universidade deberán acreditar que cumpren os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración deberá constar no expediente correspondente.

5. Obtención concorrente:

A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

6. Xustificación dos fondos recibidos:

Os perceptores de subvencións ou axudas deberán xustificar a aplicación dos fondos nos prazos e as condicións establecidos na resolución de concesión.

7. Reintegro de axudas ou subvencións:

Procederá o reintegro dos fondos percibidos, xunto cos xuros de mora, nos seguintes casos:

- Incumprir a obriga de xustificación.
- Obter a subvención sen reunir os requisitos esixidos nas bases reguladoras.



8. Axudas financiadas con fondos europeos:

No caso de convocatorias financiadas con fondos europeos procedentes do Instrumento Europeo de Recuperación, segundo o Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, a convocatoria, execución e xustificación destas axudas adecuaranse ás condicións establecidas na normativa aplicable.

Art. 15 Contabilización de ingresos de carácter finalista

Os gastos que se financien con ingresos concretos deberán estar debidamente identificados no orzamento de ingresos e gastos. En todo caso, os recursos afectados deberán estar identificados e vinculados no orzamento de ingresos e de gastos, e procederase ao seu rexistro contable individualizado e á imputación orzamentaria dos dereitos e as obrigas que se deriven da súa execución.

Para facilitar a contabilización de ingresos de carácter finalista (convenios, axudas, subvencións etc.), a unidade administrativa responsable da súa tramitación deberalle achegar á Xerencia un escrito motivado e a xustificación documental, en relación co ingreso, a finalidade do ingreso e, se for o caso, o crédito no estado de gastos do orzamento que financia. O ingreso deberá estar asociado ao gasto que corresponda. A este escrito xuntaráse o anexo III da Circular 1/2010 sobre a base de datos de terceiros, referido aos datos fiscais e persoais de quen fai o ingreso e unha copia do documento que fundamente tal ingreso (concesión do proxecto, convenio, contrato etc.).

A apertura das partidas, a contabilización e o seguimento de ingresos e gastos finalistas e dos seus custos indirectos adecuarase á normativa que se dite nesta materia. O control levarao a cabo o servizo con competencias en materia contabilidade e os servizos ou unidades que correspondan en función do financiamento recibido. En canto á retención que debe efectuar a UDC en materia de convenios, estarase á normativa que especificamente aprobe a propia universidade.

A recadación e xestión orzamentaria dos ingresos correspondentes a cursos, xornadas, seminario, etc. realizarase de conformidade coa Instrución da Xerencia do 30 de outubro de 1995. Instrución de desenvolvemento das normas de réxime económico de cursos non regrados.



V Control e responsabilidades

Art. 16 . Control interno

1. A Universidade da Coruña asegurará o control interno dos seus gastos e investimentos e organizará as súas contas segundo as normas e os principios contables públicos.
2. Sen prexuízo do disposto na Resolución reitoral, do 2/03/2023, pola que se establece o importe exceptuado de fiscalización limitada previa, determináanse os expedientes de gasto afectados, a súa tramitación e a formalización electrónica de expedientes de gasto, no exercicio 2025, os expedientes de contía inferior a 15.000 euros, IVE excluído, están exentos de fiscalización limitada previa.
3. A Comisión de Asuntos Económicos delegada do Consello de Goberno resolverá as discrepancias que poidan xurdir entre os reparos suspensivos do Servizo de Control Interno e os órganos xestores.

Art. 17. Retencións de saldos orzamentarios para garantir a estabilidade orzamentaria

1. A Universidade da Coruña poderá acordar a retención de saldos orzamentarios correspondentes a créditos de gastos non vinculados a ingresos finalistas para cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria.
2. Correspóndelle á Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica ditar as instrucións precisas para practicar as ditas retencións.

VI. Peche e autorización

Art. 18. Peche do orzamento

O orzamento liquidarase o 31 de decembro de 2025 e a Xerencia ditará as normas específicas para este proceso no cuarto trimestre.

Art. 19. Autorizacións de desenvolvemento

Autorízanse o reitor e a Xerencia a emitir as resolucións necesarias para cumprir e desenvolver estas normas.



VIII. Disposicións finais

Disposición I. Adecuación de retribucións do persoal

Calquera incremento retributivo será aplicado segundo o disposto pola Administración xeral do Estado. Os incrementos das retribucións do persoal do sector público que estableza, de ser o caso, a Administración xeral do Estado aplicaránelles, na súa porcentaxe máxima, ás retribucións contidas no documento orzamentario da Universidade da Coruña para o ano 2025.

Disposición II. Entrada en vigor

O orzamento entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2025, tras a súa aprobación polo Consello Social, con independencia da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



ANEXO I

PERSOAL TÉCNICO DE XESTIÓN E DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PTXAS)

PTXAS ALTOS CARGOS/PERSOAL EVENTUAL

DENOMINACION	TIPO DE PERSOAL	Nº EFECTIVOS	SOLDO
Xerente	Alto cargo	1	83.974,51€
Director estratéxico	Alto cargo	1	60.757,19€
Director de seguridade	Alto cargo	1	67.008,35€
Xefe de prensa	Persoal eventual	1	45.974,54€
Asesor técnico	Persoal eventual	1	43.794,43€
Total			301.509,02€

SEGURIDADE SOCIAL ALTOS CARGOS/PERSOAL EVENTUAL

Altos cargos	63.522,02€
Persoal Eventual	26.930,69€
Total	90.452,71€



RPT PTXAS FUNCIONARIO

Subgrupo	Nivel Complemento Destino	Nivel Complemento Específico	Nº efectivos 2025	Soldo	Extra	Complemento Destino	Complemento Específico	Productividade	IPC Galego	Total retribucións posto	Total liña
A1	29	30	1	15.922,80€	3.716,86€	12.475,32€	25.159,82€	1.737,17€	223,30€	59.235,27€	59.235,27€
A1	28	30A	3	15.922,80	3.629,50	11.951,16	27.934,34	1.737,17	231,49	61.406,46	184.219,37
A2	28	30A	1	13.768,20	3.665,42	11.951,16	27.934,34	1.737,17	223,47	59.279,76	59.279,76
A1	28	29	6	15.922,80	3.629,50	11.951,16	22.140,30	1.737,17	209,56	55.590,49	333.542,95
A2	28	29	7	13.768,20	3.665,42	11.951,16	22.140,30	1.737,17	201,54	53.463,79	374.246,56
A1	27	28	4	15.922,80	3.541,98	11.426,04	19.120,64	1.737,17	195,82	51.944,45	207.777,79
A1	25	26/26A	19	15.922,80	3.119,94	8.893,80	15.765,82	1.737,17	171,94	45.611,47	866.617,99
A2	25	26	21	13.768,20	3.155,86	8.893,80	15.765,82	1.737,17	163,93	43.484,78	913.180,30
C1	25	26	6	10.337,52	2.971,42	8.893,80	15.765,82	1.737,17	150,25	39.855,98	239.135,86
A1	25	25	8	15.922,80	3.119,94	8.893,80	14.088,20	1.550,53	164,89	43.740,16	349.921,27
A2	25	25	19	13.768,20	3.155,86	8.893,80	14.088,20	1.550,53	156,87	41.613,46	790.655,77
C1	25	25	7	10.337,52	2.971,42	8.893,80	14.088,20	1.550,53	143,19	37.984,66	265.892,63
A1	24	26	1	15.922,80	3.032,50	8.369,16	15.765,82	1.737,17	169,63	44.997,08	44.997,08
A2	24	26	0	13.768,20	3.068,42	8.369,16	15.765,82	1.737,17	161,61	42.870,38	0,00
A1	24	25A	1	15.922,80	3.032,50	8.369,16	15.432,90	1.550,53	167,66	44.475,55	44.475,55
A2	24	25A	0	13.768,20	3.068,42	8.369,16	15.432,90	1.550,53	159,64	42.348,85	0,00
A1	24	25	25	15.922,80	3.032,50	8.369,16	14.088,20	1.550,53	162,57	43.125,76	1.078.144,07
A2	24	25	11	13.768,20	3.068,42	8.369,16	14.088,20	1.550,53	154,56	40.999,07	450.989,72
A1	22	22	0	15.922,80	2.857,64	7.320,00	10.397,80	1.550,53	143,98	38.192,75	0,00
A2	22	22	3	13.768,20	2.893,56	7.320,00	10.397,80	1.550,53	135,96	36.066,05	108.198,15
C1	22	22	7	10.337,52	2.709,12	7.320,00	10.397,80	1.550,53	122,28	32.437,25	227.060,75
A2	21	21A	2	13.768,20	2.806,28	6.796,32	17.485,72	1.550,53	160,47	42.567,52	85.135,04
C1	21	21A	1	10.337,52	2.621,84	6.796,32	17.485,72	1.550,53	146,79	38.938,72	38.938,72



Subgrupo	Nivel Complemento Destino	Nivel Complemento Específico	Nº efectivos 2025	Soldo	Extra	Complemento Destino	Complemento Específico	Productividade	IPC Galego	Total retribucións posto	Total liña
A1	21	21	5	15.922,80	2.770,36	6.796,32	9.391,76	1.550,53	137,86	36.569,63	182.848,14
A2	21	21	74	13.768,20	2.806,28	6.796,32	9.391,76	1.550,53	129,84	34.442,93	2.548.776,87
C1	21	21	70	10.337,52	2.621,84	6.796,32	9.391,76	1.550,53	116,16	30.814,13	2.156.989,18
A2	19	19A	2	13.768,20	2.672,04	5.990,88	9.393,44	1.349,45	125,53	33.299,54	66.599,08
C1	19	19A	7	10.337,52	2.487,60	5.990,88	9.393,44	1.349,45	111,85	29.670,74	207.695,19
A2	19	19	15	13.768,20	2.672,04	5.990,88	8.049,30	1.349,45	120,44	31.950,31	479.254,71
C1	19	19	100	10.337,52	2.487,60	5.990,88	8.049,30	1.349,45	106,76	28.321,51	2.832.151,46
C2	19	19	0	8.603,76	2.419,36	5.990,88	8.049,30	1.349,45	99,95	26.512,70	0,00
A2	18	19	8	13.768,20	2.618,30	5.668,44	8.049,30	1.349,45	119,02	31.572,71	252.581,69
C1	18	19	41	10.337,52	2.433,86	5.668,44	8.049,30	1.349,45	105,34	27.943,91	1.145.700,36
C2	18	19	1	8.603,76	2.365,62	5.668,44	8.049,30	1.349,45	98,52	26.135,09	26.135,09
A2	18	18	4	13.768,20	2.618,30	5.668,44	7.713,72	1.349,45	117,75	31.235,86	124.943,44
C1	18	18	41	10.337,52	2.433,86	5.668,44	7.713,72	1.349,45	104,07	27.607,06	1.131.889,51
C2	18	18	1	8.603,76	2.365,62	5.668,44	7.713,72	1.349,45	97,25	25.798,24	25.798,24
C1	16	16A	2	10.337,52	2.326,50	5.024,28	10.837,54	1.349,45	113,05	29.988,34	59.976,68
C2	16	16A	1	8.603,76	2.258,26	5.024,28	10.837,54	1.349,45	106,23	28.179,52	28.179,52
C1	16	19	6	10.337,52	2.326,50	5.024,28	8.049,30	1.349,45	102,50	27.189,55	163.137,28
C2	16	19	2	8.603,76	2.258,26	5.024,28	8.049,30	1.349,45	95,68	25.380,73	50.761,46
C1	16	17	132	10.337,52	2.326,50	5.024,28	7.546,70	1.349,45	100,60	26.685,05	3.522.426,01
C2	16	17	24	8.603,76	2.258,26	5.024,28	7.546,70	1.349,45	93,78	24.876,23	597.029,44
C1	16	16	6	10.337,52	2.326,50	5.024,28	7.484,96	1.349,45	100,36	26.623,07	159.738,43
C2	16	16	3	8.603,76	2.258,26	5.024,28	7.484,96	1.349,45	93,54	24.814,25	74.442,76
C2	14	16	6	8.603,76	2.150,82	4.379,64	7.484,96	1.349,45	90,70	24.059,33	144.355,96
AP	14	16	2	7.874,76	2.042,40	4.379,64	7.484,96	1.349,45	87,53	23.218,74	46.437,48
C2	14	15	78	8.603,76	2.150,82	4.379,64	7.317,10	1.349,45	90,06	23.890,83	1.863.484,90



Subgrupo	Nivel Complemento Destino	Nivel Complemento Específico	Nº efectivos 2025	Soldo	Extra	Complemento Destino	Complemento Específico	Productividade	IPC Galego	Total retribucións posto	Total liña
AP	14	15	15	7.874,76	2.042,40	4.379,64	7.317,10	1.349,45	86,89	23.050,24	345.753,65
Total			799								24.958.731,14

SEGURIDADE SOCIAL PTXAS FUNCIONARIOS

PTXAS Funcionario	8.525.685,44
Total	8.525.685,44

RPT PTXAS LABORAIS

Denominación posto	Grupo	Previsión 2025	Soldo	Extra	Complemento posto	Paga lineal convenio	IPC Galego	Total retribucións posto	Total liña
Técnico superior	1	3	26.448,07	8.559,18	7.788,67	580,33	164,14	43.540,39	130.621,16
Técnico grao medio en relacións internacionais	2	1	22.222,39	6.824,82	5.077,29	580,33	131,32	34.836,15	34.836,15
Laborais G.III.	3	2	18.010,50	5.707,71	4.820,16	580,33	110,19	29.228,89	58.457,77
Administrador	3	1	18.040,50	5.707,71	10.667,90	580,33	132,43	35.128,87	35.128,87
Condutor	4	1	16.417,93	5.095,81	3.662,52	580,33	97,46	25.854,05	25.854,05
Conserxe	4	1	16.417,93	5.095,81	3.965,27	580,33	98,61	26.157,95	26.157,95
Administrativo	4	1	16.417,93	5.095,81	5.076,50	580,33	102,81	27.273,38	27.273,38
Auxiliar de servizos	5	3	14.824,46	4.541,08	3.339,97	580,33	88,11	23.373,95	70.121,86
Total		13							408.451,19

SEGURIDADE SOCIAL PTXAS LABORAIS

PTXAS Laboral	93.694,43
Total	93.694,43



ANEXO II

PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI)



PDI FUNCIONARIO 2025

Corpo / Categoría	Dedicación	Efectivos	Soldo	C. Destino	C. Específico	P. extras	Trienios	IPC	Segur. Social	TOTAL(*)
Catedrático/a de Universidade	T	191	3.041.254,80	2.382.786,12	3.134.168,66	709.920,26	1.127.253,20	35.070,60		10.430.453,64
Catedrático/a de Universidade	P6	2	13.795,44	2.995,12 ²	0,00	5.251,28	15.627,00	159,09		57.827,93
Catedrático/a Escola Universitaria	TC	18	286.610,40	205.668,72	137.801,16	63.755,64	141.476,44	2.625,48		837.937,84
Profesor/a Titular de Universidade	TC	459	7.308.565, 20	5.244.552,36	3.513.929,58	1.625.768,82	2.461.069,74	66.949,62		12.912.270,12
Profesor/a Titular de Universidade	P6	1	6.897,72	7.792,32	0,00	2.008,10	4.375,56	63,19		21.136,89
Profesor/a Titular de Universidade	P4	1	4.419,72	5.348,18	0,00	1.364,31	10.938,9	42,12		22.113,23
Profesor/a Titular de Universidade	P3	1	3.449,04	3.896,28	0,00	1.004,10	5.834,08	31,59		14.215,09
Prof.Tit. Escola Universitaria (Incl. Praz Vinc)	TC	40	636.912,00	400.982,40	189.056,00	132.336,00	270.415,88	5.143,54		1.634.845,82
Profesor/a INEF GALICIA	TC	8	127.382,40	91.408,32	61.244,96	28.335,84	74.384,52	1.166,88		383.922,92
Profesor/a INEF GALICIA	TC	1	15.922,80	11.426,04	7.655,62	3.541,98	8.021,86	145,86		46.714,16



Corpo / Categoría	Dedicación	Efectivos	Soldo	C. Destino	C. Específico	P. extras	Trienios	IPC	Segur. Social	TOTAL(*)
Interino										
Profesor/a Interino de E.O. Náutica	TC	1	15.922,80	11.426,04	7.655,62	3.541,98	8.021,86	145,86		46.714,16
Prof. Titular Esc. Univ. Interino	TC	1	15.922,80	10.024,56	4.726,40	3.308,40	8.021,86	145,86		42.149,88
Total		724	11.477.055,12	8.398.306,46	7.056.238,00	2.580.136,71	4.135.440,90	111.672,41	2.967.192,03	36.726.041,63

(*) Nestes totais non inclúen a Seguridade Social.



PDI CONTRATADO 2025

Corpo/Categoría	Dedicación	Efectivos	Soldo	C. Destino	C. Específico	P. extras	Trienios	Segur. Social	TOTAL(*)
Axudante Doutor/a	TC	170	2.546.756,40	1.954.932,00	0,00	750.281,40	245.760,62		5.497.730,42
Asociado/a T3	P3	17	49.378,20	46.775,16	0,00	15.483,94	0,00		111.637,30
Asociado/a T3	P4	68	263.339,52	249.459,36	0,00	82.577,84	0,00		0,00
Asociado/a T3	P5	5	24.207,00	22.928,40	0,00	7.590,20	0,00		595.376,72
Asociado/a T3	P6	50	290.460,00	275.142,00	0,00	91.079,00	0,00		0,00
LECTOR	P6	3	20.693,16	18.293,40	0,00	5.177,10	0,00		54.725,60
Asociado/a T1	P3	28	65.079,84	37.416,96	0,00	16.505,44	0,00		0,00
Asociado/a T1	P4	2	6.196,32	3.564,24	0,00	1.571,80	0,00		656.681,00
Asociado/a T1	P6	20	92.956,80	53.457,60	0,00	23.577,20	0,00		0,00
Asociado/a/a CC. da Saúde	P3	5	11.621,40	6.681,60	0,00	2.947,40	0,00		44.163,66
Profesor/a contratado/a interino/a	TC	40	509.520,00	365.635,20	190.556,80	140.934,40	177.210,18		119.002,24
Profesor/a contratado/a interino/a	P3	3	8.792,28	8.328,96	0,00	2.757,00	0,00		11.332,36
Profesor/a contratado/a interino/a	P4	2	7.815,12	7.403,28	0,00	2.450,64	0,00		169.991,60



Corpo/Categoría	Dedicación	Efectivos	Soldo	C. Destino	C. Específico	P. extras	Trienios	Segur. Social	TOTAL(*)
Profesor/a contratado/a interino/a	P5	2	9.769,92	9.253,92	0,00	3.063,40	0,00		21.250,40
Profesor/a contratado/a interino/a	P6	13	76.199,76	72.181,20	0,00	23.893,74	0,00		1.383.856,58
Profesor/a substituto/a	P6	50	293.076,00	277.620,00	0,00	91.899,00	43.755,60		19.878,24
Profesor/a substituto/a	P5	5	24.424,80	23.134,80	0,00	7.658,50	0,00		9.853,92
Profesor/a substituto/a	P4	6	23.445,36	22.209,84	0,00	7.351,92	0,00		22.087,24
Profesor/a substituto/a	P3	10	29.307,60	27.763,20	0,00	9.190,00	0,00		172.274,70
Profesor/a Colaborador	TC	31	493.606,80	310.761,36	146.518,40	102.560,40	198.358,72		706.350,60
Profesor/a Contratado Doutor	TC	155	2.468.034,00	1.771.036,20	1.186.621,10	549.006,90	784.683,76		55.218,10
Profesor/a Permanente Laboral	TC	70	1.114.596,00	799.822,80	535.893,40	247.938,60	190.336,86		53.007,12
TOTAL		755	8.429.276,28	6.363.801,48	2.059.589,70	2.185.495,82	1.640.105,74	7.856.434,58	28.534.703,60

(*) Nestes totais non inclúen a Seguridade Social.



Complementos PDI funcionario 2023	
Méritos docentes-quinquenios (inclui f. int)	5.536.706
Méritos investigación - sexenios	3.186.756
Cargos académicos docentes	815.279
Sexenios ensino secundaria	12.231,04
Compl. autonóm. labor docente	708.210
Compl. autonóm. labor investigadora	601.901
Compl. autonóm. excelencia	1.606.909
Compl. autonóm. á xestión	308.709
IPC Galego Complementos	142.695
Complemento I.T. PDI Funcionario	4.503,41
Complementos PDI contratado 2023	
Cargos académicos cont. docentes	343.566,36
Compl. autonóm. labor docente	161.279
Compl. autonóm. labor investigadora	143.145
Méritos docentes cont. lab. fixo	1.458.747
Méritos investig. cont. lab. fixo	480.345
Comp. auton. excel. curricular	195.354
Comp. auton. cargos xestión	24.106
Sexenios ensino secundaria	4.501,06
Complemento I.T. PDI Cttd. Laboral	114.933,28
Gratificacións persoal docente	52.338,00
Cursos CUFIE e Gratificacións PDI	0,00
Prazas Vinculadas Concierto Sergas	567.593,50

Cargos Reitoría 2023	
Reitor	19.957,68
Vicerreitores e Secretario Xeral	72.178,56



ANEXO III

PLAN DE INVESTIMENTOS FONDOS CENTRALIZADOS ANO 2025



PLAN DE INVESTIMENTOS

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
VICERREITORÍA DE ESTUDANTES E EMPREGABILIDADE (VEE)	030A.422D.626.00	Equipamento informático para o alumnado	12.500,00 €

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
VICERREITORÍA DE TÍTULOS E INTERNACIONALIZACIÓN (VTI)	04.0A.24.09.55.422D.626.00	Vti. Conv. Mº Defensa. Escuela Antonio Escaño. Aportación Mº	8.000,00 €

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
VICERREITORÍA DE DIVULGACIÓN, CULTURA E DEPORTE (VDCD)	170A.121A.625.00	Material deportivo	15.400,00 €

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
XERENCIA	100A 541A 623.00	Sprll. Instalacións. Investigación	7.500,00 €
	100A 121A 624.00	Elementos de transporte	50.000,00 €
	100A 121A 625.00	Sprll. Mobiliario e avíos. Investigación	15.000,00 €
	1018 121A 623.00	Instalacións	98.000,00 €
	1018 422D 626.00	Sistemas para procesos de información	164.957,51 €
	Total		335.457,51 €



Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
VICERREITORÍA DE INFRAESTRUTURAS E SOSTENIBILIDADE (VIS)	0201. 121A. 625.00	Mobiliario e avíos	140.050,07€ €
	0201. 541A. 625.00	Mobiliario e avíos. Investigación	20.000,00 €
	0201. 121A. 632.00	Investimentos en renovación de inmobles	737.770,53 €
	0201. 541A. 632.00	Investimentos en renovación de inmobles. Investigación	300.000,00€
	0205. 121A. 625.00	Oficina de sostenibilidade. Mobiliario e avíos	21.000,00 €
	02.01.25.00.06. 121A. 640.00	Convenio Concello de Infraestruturas	171.400,00 €
	02.0A.24.09.77. 121A. 632.00	Convenio de Infraestruturas Singulares 2025	2.000.000,00 €
Total			3.390.220,60 €

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA (VIT)	0502.122B.625.00	Servicio de Biblioteca. Mobiliario e avíos.	14.700,00 €
	050A.541A.640.00	Achega Convenio Universidade de Vigo. Campus do Mar	22.070,48 €
	050A.541A.649.00	Fondos propios de investigación	50.000,00 €
	050A.541A.649.00	Atrasos Margarita Salas, María Zambrano, actualización salarial	951.807,62 €
	050A.541A.649.10	Fondos de Financiamento de unidades o grupos de investigación	560.000,00 €
	050A.541A.649.10	CNS2022-135637-Contrato Blanco Sío-López, Cristina	28.282,51 €
	050A.541A.649.99	Execucións e reintegros	250.000,00 €
Total			1.876.860,61 €



Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
VICERREITORÍA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL (VCFRS)	090A 121A 623.00	Seguridade e Saúde Edifícios	10.668,06 €
	090A 121A 625.00	Mobiliario e avíos.	17.000,00€
	090A 121A 626.00	Sistemas para procesar la información	4.322,50 €
	09.02.24.08.65.541A.640.00	Convenio Campus industrial Ferrol	1.840.000,00 €
	09.0A.25.00.16. 422D. 640.00	Convenio moda Concello de Ferrol	6.000,00 €
	09.0A.24.07.49.121A.640.00	Catedra Cosme Alvarez de los Ríos Navantía UDC	38.250,00 €
	09.0A.24.07.85.121A.640.00	Cátedra Diocese Mondoñedo-Ferrol	22.320,00€
	09.0A.24.07.71.541A.640.00	Cátedra de Arqueoloxía	20.000€
Total			1.958.560,56 €

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN TIC	05C3.541A.649.02	CITIC. Proxectos de investigación	258.815,58 €
	05C3.24.10.20.541A.649.02	AXUDA CENTROS DE EXCELENCIA ED431G 2023/01_FEDER (CITIC)	514.939,59 €
	05C3.24.10.21.541A.649.02	AXUDA CENTROS DE EXCELENCIA ED431G 2023/01_XUNTA (CITIC)	52.727,27 €
Total			826.482,44 €

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
CENTRO DE INVESTIGACIONES CIENTIFICAS AVANZADAS (CICA)	05.99.24.10.22.541A.649.02	ED431G2023/09 (2016 00129) - AYUDA CICA (FONDO FEDER) - Rodríguez González, J.	434.429,14 €
	05.99.24.10.23.541A.649.02	ED431G2023/09 (2016 00129) - AYUDA CICA (FONDO PROPIO) - Rodríguez González, J.	47.272,73 €
	05C4.541A.649.02	CICA. Proxectos de investigación	289.037,23 €
Total			770.739,10 €



Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
CENTRO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA EN EDIFICACIÓN E ENXEÑERÍA (CITEEC)	05.99.24.10.24.541A.649.02	ED431G 2023/10 (2023 00075) - AYUDA CITEEC (FONDO FEDER) - Rabuñal Dopico, J.	169.788,79 €
	05.99.24.10.25.541a.649.02	ED431G 2023/10 (2016 00129) - AYUDA CITEEC (FONDO PROPIO) - Rabuñal Dopico, J.	17.241,38 €
Total			187.030,17 €

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOGÍAS NAVAL E INDUSTRIAL (CITENI)	05C2.541A.625.00	Mobiliario e avíos	500,00€
TOTAL			500,00€

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
SERVICIO DE APOYO A LA INVESTIGACIÓN (SAI)	0504.541A.625.00	SAI. Mobiliario e avíos	16.500,00 €
TOTAL			16.500,00€



ANEXO IV

PLAN DE INVERSIONES FONDOS DESCENTRALIZADOS ANO 2025



PLAN DE INVESTIMENTOS

CENTRO	PARTIDA ECONÓMICA	INVESTIMENTO
200A FACULDADE DE DEREITO		32.112,49 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	25.386,47 €
	625.00 MOBILIARIO E AVIOS	6.726,02 €
300A FACULDADE DE FILOLOXÍA		25.106,99 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	16.942,28 €
	626.00 SISTEMAS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	8.164,71 €
400A FACULDADE DE INFORMÁTICA		36.365,27 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	14.365,27 €
	625.00 MOBILIARIO E AVIOS	22.000,00 €
500A FACULDADE DE SOCIOLOXÍA		15.697,86 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	10.242,17 €
	625.00 MOBILIARIO E AVIOS	975,00 €
	626.00 SISTEMAS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	4.480,69 €
600A FACULDADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN		12.855,03 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	7.293,70 €
	625.00 MOBILIARIO E AVIOS	1.668,40 €
	626.00 SISTEMAS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	3.892,93 €
610A FACULDADE DE CIENCIAS		11.491,18 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	7.491,18 €
	623.00 EQUIPAMENTO CIENTÍFICO DE LABORATORIO	2.500,00 €
	626.00 SISTEMAS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	1.500,00 €
620A FACULDADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E E EDUCACIÓN FÍSICA		44.940,07 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	7.664,07 €
	625.00 MOBILIARIO E AVIOS	37.276,00 €
630A ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR ARQUITECTURA		26.599,65 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS	16.599,65 €



CENTRO	PARTIDA ECONÓMICA	INVESTIMENTO
	BIBLIOGRÁFICOS	
	625.00 MOBILIARIO E AVIOS	2.000,00 €
	626.00 SISTEMAS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	8.000,00 €
640A ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR NAÚTICA E MÁQUINAS		17.252,98 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	8.000,00 €
	625.00 MOBILIARIO E AVIOS	4.252,98 €
	626.00 SISTEMAS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	5.000,00 €
650A FACULDADE DE CIENCIAS DA SAÚDE		14.767,88 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	6.532,18 €
	625.00 MOBILIARIO E AVIOS	5.235,70 €
	626.00 SISTEMAS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	3.000,00 €
660A ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS		16.791,38 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	14.791,38 €
	626.00 SISTEMAS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	2.000,00 €
670A ESCOLA UNIVERSITARIA DE ARQUITECTURA TÉCNICA		24.000,00 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	12.000,00 €
	625.00 MOBILIARIO E AVIOS	12.000,00 €
680A FACULDADE FISIOTERAPIA		16.043,32 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	9.763,12 €
	625.00 MOBILIARIO E AVIOS	6.280,20 €
690A FACULDADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN		29.864,00 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	15.000,00 €
	625.00 MOBILIARIO E AVIOS	14.864,00 €
700A FACULDADE DE ECONOMÍA E EMPRESA		41.083,14 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	26.000,00 €
	625.00 MOBILIARIO E AVIOS	2.083,14 €
	626.00 SISTEMAS PARA PROCESOS DE	13.000,00 €



CENTRO	PARTIDA ECONÓMICA	INVESTIMENTO
	INFORMACIÓN	
710A FACULDADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN		12.000,00 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	10.000,00 €
	626.00 SISTEMAS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	2.000,00 €
740A ESCOLA POLITÉCNICA DE ENXEÑERÍA DE FERROL		35.500,00 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	13.000,00 €
	623.00 MAQUINARIA, INSTALACCIÓNS E UTENSILIOS	4.000,00 €
	625.00 MOBILIARIO E AVIOS	5.000,00 €
	626.00 SISTEMAS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	13.500,00 €
750A ESCOLA DE ENFERMERÍA E PODOLOXÍA DE FERROL		11.596,33 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	2.300,00 €
	623.00 MAQUINARIA, INSTALACCIÓNS E UTENSILIOS	2.800,00 €
	625.00 MOBILIARIO E AVIOS	2.996,33 €
	626.00 SISTEMAS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	3.500,00 €
760A FACULDADE DE CIENCIAS DO TRABALLO		17.000,00 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	5.000,00 €
	625.00 MOBILIARIO E AVIOS	12.000,00 €
780A ESCOLA UNIVERSITARIA DE DESEÑO INDUSTRIAL		9.259,42 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	515,35 €
	625.00 MOBILIARIO E AVIOS	8.744,07 €
800A FACULDADE DE TURISMO		1.209,03 €
	628.00 ADQUISICIÓN RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	1.209,03 €
TOTAL ACUMULADO (TOTALIDADE DOS CENTROS)		463.536,02 €



ANEXO V

SOCIEDADES DEPENDENTES



1/FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA (FUAC)

PREVISIÓN DE INGRESOS 2025:

INGRESOS	ORZAMENTO 2025	%
1.- Actividade	642.000,00	91,9%
<i>xestión económica (for, inv, cat, ...)</i>	381.666,67	54,6%
<i>formación</i>	35.000,00	5,0%
<i>investigación</i>	125.000,00	17,9%
<i>emprego</i>	141.666,67	20,3%
<i>cátedras</i>	15.000,00	2,1%
<i>outros encargos</i>	65.000,00	9,3%
<i>secretarías técnicas (for, inv, cat, ...)</i>	87.833,33	12,6%
<i>formación</i>	5.000,00	0,7%
<i>investigación</i>	3.500,00	0,5%
<i>emprego</i>	70.833,33	10,1%
<i>cátedras</i>	7.500,00	1,1%
<i>outros encargos</i>	1.000,00	0,1%
<i>difusión, proxectos e mellora</i>	172.500,00	24,7%
<i>Continua, difusión e outros</i>	15.000,00	2,1%
<i>emprego</i>	112.500,00	16,1%
<i>otros proxectos</i>	45.000,00	6,4%
3.- Promocións, patrocinadores e colaboracións	0,00	0,0%
4.- Iniciativas, proxectos	0,00	0,0%
<i>subvencións</i>		0,0%
<i>facturación</i>		0,0%
5.- Ingresos financeiros	51.500,00	7,4%
6.- Ingresos extraordinarios	5.000,00	0,7%
TOTAL INGRESOS	698.500,00	100,0%



PREVISIÓN DE GASTOS 2025:

GASTOS	ORZAMENTO 2025	%
1.- Axudas monetarias		0,0%
2.- Colaboracións e do órgano de Goberno		0,0%
4.- Persoal estrutura	481.500,00	69,9%
<i>nóminas</i>	360.000,00	52,2%
<i>seguros sociais</i>	120.000,00	17,4%
<i>otros gastos sociais</i>	1.500,00	0,2%
<i>indemnizacións</i>	0,00	0,0%
5.- Outros gastos de estrutura	62.000,00	9,0%
<i>cotas e afiliacións</i>	0,00	0,0%
<i>servizos externos e profesionais independentes</i>	30.000,00	4,4%
<i>arrendamentos e cánones</i>	1.500,00	0,2%
<i>reparacións e conservación</i>	3.500,00	0,5%
<i>Comunicacións, mensaxeiros e correos</i>	6.000,00	0,9%
<i>material de oficina</i>	10.000,00	1,5%
<i>desprazamentos, relacións públicas e publicidade</i>	5.000,00	0,7%
<i>primas de seguros</i>	5.000,00	0,7%
<i>servizos bancarios e similares</i>	1.000,00	0,1%
6.- Provisións	0,00	0,0%
7.- Amortizacións	60.000,00	8,7%
8.- Asociados á actividade	80.000,00	11,6%
<i>da actividade económica e ST</i>	50.000,00	7,3%
<i>de persoal e pácticas resto actividade</i>	15.000,00	2,2%
<i>gasto directo resto actividade</i>	15.000,00	2,2%
9.- Financeiros e asimilados	500,00	0,1%
10.- Extraordinarios	5.000,00	0,7%
TOTAL GASTOS	689.000,00	100,0%
INGRESOS - GASTOS	9.500,00	



2/FUNDACIÓN ENXEÑARÍA CIVIL DE GALICIA

PREVISIÓN DE INGRESOS 2025:

INGRESOS	CUOTAS	22.530,00
	FINANCIEROS	3.600,00
	OVER-HEAD CONVENIOS	25.000,00
	INGRESOS FUAC	38.585,00
	EDITORIAL	500,00
	CURSOS	1.500,00
	PREMIOS PROYECTO	0,00
TOTAL.....		91.715,00



PREVISIÓN DE GASTOS 2025:

G A S T O S	FUNDACIONALES	Canon Universidad	0,00
		Fondo Social	
		Inversiones en la escuela	0,00
		I+D+i	0,00
		Becarios	0,00
		Premios mejores expedientes académicos y Premios Mejores Expedientes Bachillerato	12.500,00
		Premio Profesor Rodrigo del Hoyo	2.470,00
		Editorial	0,00
		Premio Proyecto	0,00
		Foro de empleo	0,00
		Ciclos y conferencias	0,00
		Actividades de promoción de la Ingeniería	700,00
		Comunicación	
	FUNCIONAMIENTO	Representac. Fun.	150,00
		Representac. Esc.	
		Aplicac. Informát.	2.300,00
		Personal Contratado	65.000,00
		Asesoría Contable/Fiscal/Laboral	2.500,00
		Asesoría Laboral	1.920,00
		Prof. Independientes	3.000,00
		Gastos Financieros	500,00
		Tributos /Tasas	0,00
		Auditoría / Informe Econ.	0,00
		Extraordinarios	0,00
		Gastos de Viaje	25,00
		Material de Oficina	500,00
		Reprografía	0,00
		Teléfono	0,00
		Mensajería y Correos	150,00
	TOTAL.....		91.715,00



2/FUNDACIÓN CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS DE GALICIA (FCITIGG)

PREVISIÓN DE INGRESOS 2025:

1. Ingresos da entidade pola actividade propia	35.000,00
a) Cotas de usuarios e afiliados	0,00
b) Ingresos de patrocinadores e colaboradores	15.000,00
c) Subvencións, doazóns e legados imputados ao resultado	20.000,00
2. Ventas e outros ingresos da actividade mercantil.	1.271.500,00
3. Outros ingresos	60.000,00
4. Ingresos financeiros	22.000,00
5. Ingresos extraordinarios	0,00
Total Ingresos	1.388.500,00

PREVISIÓN DE GASTOS 2025:

1. Axudas monetarias e outros.	0,00
2. Consumos de explotación.	0,00
3. Gastos de persoal	440.000,00
4. Dotacións para amortización de inmovilizado.	4.000,00
5. Outros gastos	912.250,00
6. Variación das provisións da actividade e perdas de créditos incobrables.	0,00
7. Gastos financeiros e gastos asimilados	0,00
8. Gastos extraordinarios	0,00
9. Imposto sobre sociedades	0,00
Total Gastos	1.356.250,00

Resultado de Ingresos e Gastos:	32.250,00
---------------------------------	-----------



ANEXO VI

IMPACTO DE XÉNERO



Os orzamentos públicos teñen un impacto directo sobre a igualdade de xénero, xa que as decisións orzamentarias non só determinan onde se asignan os recursos financeiros, senón tamén como se distribúen as oportunidades e benestar entre os distintos grupos sociais. O concepto de orzamento sensíbel ao xénero implica analizar os orzamentos públicos desde unha perspectiva de xénero, co obxectivo de asegurar que as políticas e programas sexan equitativos e non perpetúen as desigualdades de xénero.

Efectos dos Orzamentos sobre a Igualdade de Xénero

- **Distribución de recursos:** Se os orzamentos públicos non teñen en conta as diferenzas de xénero nas necesidades sociais e económicas, as mulleres poden verse desfavorecidas. Por exemplo, os programas de coidados non remunerados, que moitas veces asumen as mulleres (como coidar nenos ou familiares anciáns), non sempre se financian adecuadamente. Un orzamento que non recoñeza esta carga desproporcionada pode perpetuar as desigualdades de xénero no mercado laboral e na distribución do benestar familiar.
- **Seguridade e violencia de xénero:** A violencia de xénero é unha das maiores expresións de desigualdade entre homes e mulleres. Un orzamento que non asigne recursos suficientes para combater a violencia de xénero ou para apoiar ás vítimas non permite reverter as desigualdades sociais existentes.

Asignación de fondos a áreas clave para a igualdade de xénero.

A asignación de recursos debe estar orientada a reducir as desigualdades. Exemplos disto son o programa corresponsables da Xunta de Galicia e os fondos do pacto de estado, así como o convenio coa Deputación ou co Concello da Coruña, xa que permiten desenvolver diferentes actividades enfocadas directamente con perspectiva de xénero. Ditos recursos adócanse a actividades de formación e sensibilización de toda a comunidade universitaria, realizando accións específicas para a prevención das violencias machistas e tomando medidas e iniciativas de acompañamento a vítimas de violencia.

A análise de xénero nos orzamentos da UDC revela que se están facendo avances importantes na



integración da perspectiva de xénero en moitas áreas clave, pero tamén existen retos que deben ser abordados para lograr unha igualdade efectiva. A asignación de recursos en programas específicos de xénero e introducir a perspectiva de xénero, de forma transversal na gobernanza da UDC supón un avance importante.



ANEXO VII

IMPACTO MEDIOAMBIENTAL



1_Introdución

Este informe ten como obxectivo avaliar o impacto medioambiental das actividades e proxectos da universidade, así como propor accións para mitigar este impacto e promover a sustentabilidade no uso dos recursos. En liña cos compromisos internacionais en sustentabilidade e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), especialmente o ODS 12 (Produción e consumo responsables) e o ODS 13 (Acción polo clima), este informe busca integrar criterios ambientais na asignación dos orzamentos universitarios.

2_Marco normativo

A Universidade da Coruña está comprometida co cumprimento dos obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), particularmente os relacionados coa xestión sostible dos recursos e a redución da pegada de carbono.

Os presupostos 2025 da UDC foron redactados en cumprimento coa lexislación nacional sobre protección do medio ambiente e cambio climático, e o marco normativo en sustentabilidade aplicado ás institucións de educación superior.

Para a elaboración destes presupostos, a universidade adoptou un enfoque de sustentabilidade que prioriza a eficiencia enerxética, a xestión responsable da auga e residuos, e o fomento do transporte e actividades sostibles.

3_Compromisos ambientais e coa sustentabilidade

A sustentabilidade, entendida nun sentido holístico, é un eixo transversal nas políticas de goberno da UDC. Por tanto, a sustentabilidade vertebrará o presuposto do 2025 no seu conxunto. Todas as vicerreitorías están imbuídas dese espírito, aínda que tres delas recollen especificamente as competencias máis estreitamente vinculadas con ela.

A Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social impulsa iniciativas de inclusión e saúde a través da Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV), que promove a participación solidaria na comunidade universitaria, e do programa UDC Saudable, que fomenta estilos de vida saudables con impacto social en áreas como deporte, saúde mental, alimentación, e prevención de adiccións. Ademais, desde esta vicerreitoría tamén se impulsa o programa Espazo Compartido, orientado á inclusión laboral de mozas con discapacidade cognitiva, que busca derrubar barreiras educativas e reflicte o compromiso da UDC coa responsabilidade social e a formación inclusiva.

A Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade promove a igualdade de xénero a través da Oficina para a Igualdade de Xénero, que traballa pola plena integración das mulleres na vida política, cultural e científica da universidade. Ademais, impulsa o Centro de Estudos de Xénero e Feministas (CEXF), un espazo multidisciplinar de investigación sobre xénero e feminismo, e a Unidade de Atención á Diversidade (ADI), que ofrece apoio a persoas con discapacidade, necesidades educativas especiais e a comunidade LGTBIQ+ da UDC, para asegurar unha contorna inclusiva e equitativa.

A Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade, a través do Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos (SAUE), encárgase de planificar e executar proxectos urbanísticos, arquitectónicos e tecnolóxicos que cobren as necesidades espaciais e ambientais dos campus. Ao mesmo tempo que, mediante a Oficina de Sustentabilidade (OdS), promove prácticas respectuosas co medio



ambiente mediante a xestión eficiente de recursos, a redución da pegada ecolóxica e a educación ambiental, impulsando a sustentabilidade na universidade en colaboración con entidades externas.

4_Iniciativas medioambientais recollidas no presuposto 2025 da UDC

Como resultado de toda esta estratexia sostible, desde o ano 2024 a UDC forma parte da alianza EMERGE formada por nove universidades europeas en oito países da UE (Irlanda, Francia, Alemaña, Noruega, Eslovaquia, Grecia, Chipre e España), que crea unha "universidade europea" e fomenta a creación de "terceiros espazos" onde se atopen a alianza e a sociedade europea. Estes presupostos inclúen os ingresos procedentes da financiación europea que a alianza EMERGE acadou en convocatoria competitiva para a súa implantación.

A UDC aspira a que o seu Sustainability International Campus sexa un destes “terceiros espazos”, funcionando como laboratorio vivo (living lab) onde a comunidade universitaria colabore na resolución de retos reais de sustentabilidade do campus mediante solucións innovadoras. Este espazo atraerá a estudantes, investigadores e docentes, ademais de favorecer sinerxías entre as nove universidades socias e 56 entidades colaboradoras do proxecto EMERGE. O Sustainability International Campus centrarse en cinco áreas aliñadas cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e buscará integrar a sustentabilidade en todas as súas actividades de ensino, investigación e relación coa sociedade, estruturándose en catro alicerces: oferta docente, investigación de excelencia, transferencia de coñecemento, e promoción e difusión.

Neste sentido, a Universidade da Coruña (UDC) finalizou a instalación de paneis fotovoltaicos nas cubertas de 11 edificios dos seus campus da Coruña e Ferrol, nunha iniciativa cun orzamento de 1,08 millóns de euros para promover a sustentabilidade e reducir a pegada de carbono. Coa colocación de máis de 2.200 paneis, cada edificio producirá preto de 100 kW de enerxía, no 2025 agárdase un aforro anual de 260.000 euros e amortizando o investimento en menos de catro anos. Este proxecto, que avanza no cumprimento de varios Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030, busca reducir o consumo enerxético e as emisións de gases de efecto invernadoiro, á vez que fomenta a sustentabilidade económica e social.

Ademais, nos campus de Zapateira e Elviña, estase implementando un sistema de depuración natural dos recursos hídricos existentes para a súa reutilización en áreas con maior demanda de auga, optimizando así o uso sostible deste recurso, permitindo tamén aforros de orde económica. Equipos de investigación especializados en sustentabilidade e xestión hídrica na UDC están a deseñar sistemas que permiten a purificación da auga mediante procesos naturais, como filtración biolóxica e captación de augas pluviais. Esta estratexia non só reduce a dependencia de fontes externas de auga, senón que tamén contribúe a manter o equilibrio hídrico no campus, favorecendo a autosuficiencia e o respecto polo ciclo natural da auga nunha contorna de investigación aplicada.

En paralelo, a UDC iniciou un estudo sobre a mobilidade da comunidade universitaria incorporando a grupos de investigación propios especializados en mobilidade sostible. Así se pretende achegar as estratexias de mellora para o transporte público ás institucións con competencias na materia, desde unha conciencia da problemática de dispoñibilidade de aloxamento do estudantado.

A UDC tamén colabora no proxecto Conecta-Coruña, presentado polo Concello da Coruña e seleccionado como beneficiario da Convocatoria de Pilotos de Edificios Intelixentes de Rede.es, unha entidade do Ministerio de Economía e Empresa. Esta convocatoria busca desenvolver proxectos que



validen o modelo de integración de edificios e outros elementos en cidades intelixentes, demostrando as vantaxes e os servizos que esta integración permitirá ofrecer. A instalación de sensores de variables ambientais e consumos permitirá optimizar os rendementos das instalacións e xerar aforros, así como detectar disfuncións ou posibilidades de mellora.

Oficina de Sustentabilidade.

En 2024, o novo equipo de goberno da UDC decidiu cambiar a denominación da antiga Oficina de Medio Ambiente (OMA), que pasa a chamarse Oficina de Sustentabilidade (OdS), cun enfoque máis sistémico e amplo.

A misión principal da Oficina de Sustentabilidade é integrar principios sostíbeis en todas as actividades da UDC, fomentando prácticas respectuosas co medioambiente. Entre as súas funcións destacan a xestión eficiente de recursos, a análise da xeración de residuos ou os consumos, o estudo da pegada ecolóxica da universidade e a sensibilización e educación ambiental da comunidade universitaria. Ademais, coordina proxectos e programas que impulsan a sustentabilidade e o desenvolvemento sostíbeis dentro e fóra do campus, colaborando con diversas entidades e organizacións para alcanzar estes obxectivos.

Tamén se realizan funcións de difusión e divulgación das actividades realizadas e temas de interese para a comunidade, para o que dispón dun espazo propio na web da universidade e xestiona perfís en diversas redes sociais.

Educando para a Sustentabilidade.

O proxecto “Educando para a Sustentabilidade + Fundación Alcoa” promove a formación e participación da comunidade educativa en materia de sustentabilidade ambiental e social. A sétima edición (sexta con cofinanciación de Fundación Alcoa) desenvolveuse en dúas áreas galegas: os Campus da UDC e os centros educativos da Mariña Lucense. O programa difunde a transferencia de coñecemento de face ás comunidades da UDC, que afecta a toda a zona norte galega. Para iso desenvolve os dous bloques de formación que se viñeron realizando en anteriores edicións:

Marzo Ambiental 2024. Realizáronse 32 actividades nas cales estiveron involucradas 1.800 persoas da comunidade universitaria.

A Mariña Ambiental. Traballouse en 11 centros de primaria, secundaria e bacharel, desenvolvendo 25 actividades e 6 visitas á UDC, coas que se chegou a case 1.000 persoas da comunidade escolar. No vindeiro ano, agárdase repetir a iniciativa marzo ambiental con financiación allea. A estes bloques de formación súmanse accións e actividades presenciais e online como:

- Curso online “Pegada ecolóxica e emerxencia climática: achegadas desde a UDC”.
- Avances na xestión de residuos orgánicos para compostaxe no campus industrial de Ferrol.
- Mesas redondas, talleres e exposicións sobre cuestións de controversia ambiental.
- Voluntariados para limpeza de praias e espazos naturais.
- Cálculo da pegada ecolóxica coa ferramenta Emapic, na que participaron 525 persoas.

Green Campus.

O programa Green Campus é unha iniciativa da Foundation for Environmental Education (FEE) a cal agrupa como membros a ONGs de 65 países, e desenvolve programas para potenciar valores de



educación ambiental. Green Campus é un novo programa que recolle a filosofía, metodoloxía e experiencia de programas previos, e #adaptar ás necesidades do ámbito universitario. En Europa hai máis de 40 universidades adscritas a Green Campus. Esta metodoloxía busca que as universidades sexan cada vez máis sostibles a través a creación dun Comité Ambiental, eco-auditorías, Plans de Acción e unha declaración do compromiso ambiental. A Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC) é a encargada de avaliar o comportamento ambiental dos campus universitarios e outorgar as Bandeiras Verdes en recoñecemento ao seu traballo.

No curso 2022-2023 foi concedida por primeira vez unha Bandeira Verde á Facultade de Ciencias, de modo que a UDC conta xa con 9 programas galardoados con este distintivo.

Programas Green Campus con bandeira verde:

1. Campus de Ferrol.
2. Escola Técnica Superior de Arquitectura.
3. Facultade de Ciencias da Saúde.
4. Facultade de Ciencias da Educación.
5. Escola Universitaria de Arquitectura Técnica.
6. Facultade de Ciencias.
7. Facultade de Fisioterapia.
8. ETSE Camiños, Canles e Portos.
9. Facultade de Economía e Empresa

Áreas do programa Green Campus:

1. Optimización do consumo de auga e enerxía.
2. Redución da xeración de residuos e mellora da recollida separada.
3. Correcto tratamento de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) e de residuos de pilas e #acumulador (RPA).
4. Contaminación atmosférica, acústica e lumínica.
5. Mobilidade sostible.
6. Hábitos, rutinas e estilos de vida saudables.
7. Biodiversidade.
8. Compra verde, comercio xusto e consumo responsable.
9. Participación, sensibilización e voluntariado ambiental.
10. Cambio climático.

Ademais, a UDC converteuse na primeira universidade española en contar cun Carreiro Azul, recoñecemento outorgado pola ADEAC pola recuperación e posta en valor de carreiros e itinerarios localizados no litoral, para a interpretación ambiental e o goce da natureza.

Bolsas da Oficina de Sustentabilidade

De forma anual, a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade convoca bolsas para a formación complementaria en sustentabilidade desde a Oficina de Sustentabilidade e a través do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE).

Estas bolsas diríxense ao alumnado matriculado nun centro propio da UDC en estudos conducentes á obtención dun título oficial de grao, que queiran completar a súa formación co enfoque ambiental e participar de forma activa na creación dun campus máis sostible. Durante o curso 2023/24, quince



estudantes gozaron das bolsas de formación.

As principais liñas temáticas que desenvolveu o persoal bolseiro e técnico da oficina durante o curso foron:

1. Divulgación. Xestión das redes sociais da Oficina de Sustentabilidade e preparación de material audiovisual para difundir as actividades, facer recomendacións e animar á comunidade universitaria a involucrarse e participar activamente na promoción da sustentabilidade e coidado do medioambiente.
2. Xestións administrativas. Inscricións ás actividades mediante correo electrónico ou formularios en liña e emisión de certificados.
3. Resíduos e compostaxe. Implantación de illas de recollida selectiva en diversos centros da universidade. Revisión periódica do proceso de compostaxe nas áreas de cada comedor universitario e campañas divulgativas de promoción da recollida selectiva.
4. Eco-auditorías. Auditorías de residuos e auga en diferentes centros e a súa análise de datos posterior. Etiquetaxe das billas dos aseos co eco-etiqueta segundo o seu caudal de auga.
5. Promoción da mobilidade sostible. Préstamo de bicicletas, enquisa da pegada ecolóxica da mobilidade e actividades de concienciación.
6. Voluntariado ambiental. Coordinación de actividades e programas. Este curso traballouse principalmente na eliminación de especies exóticas invasoras e outras actividades no Monte da Fraga.
7. Actividades na natureza. Rutas e plantación na horta da Oficina de Sustentabilidade.
8. Green Campus. Atender as consultas dos comités dos centros adscritos ao programa.
9. Educando para a Sustentabilidade. Coordinación e posta en marcha das actividades encadradas de Marzo Ambiental 2024.

Programa Monte da Fraga.

O Monte da Fraga é unha área forestal próxima á Facultade de Ciencias do campus de Elviña, que foi reforestada pola UDC con especies autóctonas despois de eliminar a maior parte dos eucaliptos que se atopaban na zona en 2006. Esta restauración do medio forestal pretende recuperar os ecosistemas e o valor paisaxístico propio das áreas costeiras atlánticas, mentres serve como escenario para numerosas iniciativas da comunidade universitaria.

Para a convocatoria do ano 2024, realizáronse as seguintes actividades coa colaboración e participación de entidades ecoloxistas e de educación e divulgación ambiental:

- Erradicación de especies exóticas invasoras e reforestación con especies autóctonas.
- Actividades de supervisión da situación actual de conservación do espazo.
- Traballos de custodia do territorio, con coidado e mellora dos espazos e hábitats par a ampliación e conservación da biodiversidade e outras actuacións que implican unha xestión ecolóxica do monte.

Posta en valor do patrimonio cultural a través de talleres de restauración do muro de pedra seca localizado no Monte da Fraga

Recoñecementos:

Premio GAIA 2030: Biodiversity Best Practice Competition, curso 2021/2022. Presentáronse o proxecto “Restauración Forestal e Biodiversidade no Monte Fraga”.



Galardón pola ADEAC-FEE (Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor-Foundation for Environmental Education).

Nestes presupostos contéplase a reedición das actividades ao abeiro dun convenio recorrente coa Concellería de Medio Ambiente do Concello da Coruña.

Green Metric.

O UI GreenMetric World University Ranking busca ofrecer información sobre a situación e o desempeño ambiental das universidades de todo o mundo. Esta publicación anual avalía a máis de 1.000 universidades de todo o mundo segundo criterios ambientais como a loita contra o cambio climático, a xestión da enerxía e a auga ou a reciclaxe e a xeración de residuos.

Nos últimos resultados, a UDC ocupa a 5ª posición das 29 universidades españolas avaliadas e no ámbito mundial ocupa a 110ª posición. Destaca pola súa xestión de residuos, onde obtén a máxima puntuación alcanzable.

A UDC continúa traballando na mellora ambiental da súa contorna e na sensibilización da comunidade universitaria, de forma que camiña cara a unha xestión ambiental máis responsable mediante a sustentabilidade no uso dos recursos. Con todo, a UDC está comprometida con avanzar na avaliación, control e medición dos consumos que poden derivar en impactos ambientais negativos. Desde 2008, realízase a medición da pegada de carbono co obxectivo de presentar as emisións asociadas de forma transparente a toda a comunidade universitaria.

Resultados de indicadores ambientais.

Doutra banda, mantense o monitoreo dos consumos da universidade e a xestión dos materiais utilizados. Desta forma, en 2024 a UDC consumiu unha estimación de 12.296 kg tras recompilar datos dun total de doce centros. En canto aos residuos orgánicos, xeráronse un total de 20.000 Kg de materia xestionada nas áreas de compostaxe da universidade.

5_Conclusión sobre o impacto medioambiental dos Presupostos 2025 da UDC

Os presupostos 2025 da Universidade da Coruña integran a sostibilidade como principio rector, e están orientados á mellora do impacto ambiental da institución, incrementando a eficiencia operativa dende o seu compromiso coa contorna. A través da implementación das accións previstas, considérase que contribúe significativamente á preservación do medio ambiente e á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

6_Indicadores de Sustentabilidade da UDC

A continuación inclúense os resultados de Green Metric e da enquisa do INE sobre xeración de residuos e consumos do 2024.



ANEXO VIII

PREZOS DAS ACTIVIDADES



1/ XERENCIA

1.1 CESIÓN DE ESPAZOS

